

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DO DEPARTAMENTO DE LATÍN**

**CULTURA CLÁSICA 3º ESO**

**LATÍN 4º ESO**

**LATÍN I 1º BACHARELATO**

**LATÍN II 2º BACHARELATO**

**CURSO 2021-22**

**IES CORUXO**

# ÍNDICE

I. Contextualización.....	5
II. Composición do departamento e materias asignadas .....	5

## **CULTURA CLÁSICA 3º ESO**

1.-Introdución e contextualización.....	5
2.-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	7
2.1. Obxectivos	
2.2. Contidos	
2.3. Criterios de avaliación	
2.4. Estándares de aprendizaxe	
2.5. Competencias clave	
3.-Grao mínimo de consecución e temporalización.....	16
4.- Avaliación. Consideracións específicas.....	18
4.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
4.2. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	
4.3. Método de recuperación.	
4.4. Criterios para calcular a nota final da materia. Criterios de redondeo.	
5.-Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	20
6.-Material e recursos didácticos.....	20

## **LATÍN 4º ESO**

1.- Introducción e contextualización.....	20
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	21
2.1. Obxectivos	
2.2. Contidos	
2.3. Criterios de avaliación	
2.4. Estándares de aprendizaxe	
2.5. Competencias clave	
3.- Grao mínimo de consecución e temporalización.....	29
4.- Avaliación. Consideracións específicas.....	30
4.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
4.2. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	
4.3. Método de recuperación.	
4.4. Criterios para calcular a nota final da materia. Criterios de redondeo.	

5.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	32
6.- Material e recursos didácticos.....	32
7.- Medidas de atención á diversidade e adaptacións curriculares.....	33
8.- Programación de temas transversais.....	33

## **BACHARELATO**

### **LATÍN I**

1.- Introducción e contextualización.....	34
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	39
2.1. Obxectivos	
2.2. Contidos	
2.3. Criterios de avaliación	
2.4. Estándares de aprendizaxe	
2.5. Competencias clave	
3.- Grao mínimo de consecución e temporalización .....	49
4.- Avaliación. Consideracións específicas .....	50
4.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
4.2. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	
4.3. Método de recuperación.	
4.4. Criterios para calcular a nota final da materia. Criterios de redondeo.	
4.5. Avaliación extraordinaria.	
5.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	52
6.- Material e recursos didácticos.....	53

### **LATÍN II**

1.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	54
1.1. Obxectivos	
1.2. Contidos	
1.3. Criterios de avaliación	
1.4. Estándares de aprendizaxe	
2.5. Competencias clave	
2.- Grao mínimo de consecución e temporalización .....	58
3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	61
- Probas extraordinarias	
- Seguimento do alumnado coa materia pendente do curso anterior	
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	61

5.- Material e recursos didácticos.....	66
-----------------------------------------	----

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Criterios de cualificación.....	66
1.1. Criterios de corrección de exercicios e probas	
1.2. Sistema de cualificación das actitudes	
1.3. Criterios para calcular a nota final	
2.- Tratamento do alumnado que perde o dereito á avaliación continua.....	67
3.- Actividades de recuperación e reforzo.....	68
4.- Procedemento para a acreditación de coñecementos .....	68

## OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- Aspectos relativos á avaliación, comúns a todas as materias do Departamento.....	69
1.1. Tipoloxía	
1.2. Criterios de cualificación. Consideracións xerais	
1.2.1. Criterios de corrección de exercicios e probas	
1.2.2. Sistema de cualificación das actitudes	
1.3. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	
1.4. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes de cursos anteriores.	
2.- Medidas de atención á diversidade.....	72
3.- Temas transversais.....	73
4.- Actividades extraescolares e complementarias.....	74
5.- Criterios de actuación ante unha posible suspensión de clases, derivada da actual situación sanitaria da pandemia de COVID-19 .....	75
5.1. Instrumentos e criterios de avaliación do alumnado no suposto de producirse a suspensión de clases .....	76
6.- Procedementos para informar da programación das materias .....	76
7.- Criterios para avaliar a propia programación.....	77
8.- Seguimento da programación.....	77

## I. CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Coruxo atópase situado nunha zona periurbana da cidade de Vigo. É un centro que acolle alumnos da zona, basicamente, que pertencen, en xeral, a un nivel sociocultural medio-baixo. Hai pouco alumnado inmigrante e algúns membros de etnia xitana.

## II. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E MATERIAS ASIGNADAS

Durante o presente curso académico 2021-2022 o Departamento de Latín estará constituído por:

M<sup>a</sup> Jesús Cortegoso Calvar, que imparte clase en 2º de Bacharelato e desempeña o cargo de Xefa de Estudos.

Marta Emilia Mosquera Vázquez, quen se encargará do resto dos grupos e completará o seu horario con Lingua Castelá de 1º ESO (4 horas) e Reforzo de Linguas (2 horas). Así mesmo, actuará como Xefa do Departamento.

As materias impartidas por este departamento son:

- **Cultura Clásica en 3º ESO : 6 horas** (3 grupos con 2 horas cada un).
- **Latín en 4º ESO: 3 horas.**
- **Latín I en 1º Bacharelato : 4 horas.**
- **Latín II en 2º Bacharelato: 4 horas.**

### **CULTURA CLÁSICA 3º ESO**

#### 1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa. De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na

comprensión da propia lingua e no uso desta esma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental. En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia

en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

## 2.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeografía				
▪f ▪o	▪B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.	▪ <input type="checkbox"/> B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	▪CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CAA
▪f ▪o	▪B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.	▪ <input type="checkbox"/> B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civili	▪CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CD

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		zacións grega e romana ao longo da súa historia.	considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.	▪ <input type="checkbox"/> CAA
Bloque 2. Historia				
▪e ▪ñ	• ▪B2.1. Marco histórico da	▪ <input type="checkbox"/> B2.1. Identificar, describir e explicar	▪ <input type="checkbox"/> CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT

	<p>civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> </ul>
f e g ñ	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSIEE</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CAA</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	



ñ o	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	<input type="checkbox"/> CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCL
			<input type="checkbox"/> CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 3. Mitoloxía				
b	<input type="checkbox"/> B3.1. O panteón grego e romano.	<input type="checkbox"/> B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	<input type="checkbox"/> CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CCL
e a b ñ	<input type="checkbox"/> B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.	<input type="checkbox"/> B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	<input type="checkbox"/> CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CCL
			<input type="checkbox"/> CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a	<input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CD

			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> </ul>
▪ l ▪ ñ	▪ B3.3. Relixión grega.	▪ <input type="checkbox"/> B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> </ul>
▪ b	▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado.	▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> </ul>
Bloque 4. Arte				

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l ▪ b	▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica.	▪ <input type="checkbox"/> B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> </ul>
			▪ <input type="checkbox"/> CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> </ul>

			ou a fitos históricos.	
▪l	▪ <input type="checkbox"/> B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.	▪ <input type="checkbox"/> B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	▪ <input type="checkbox"/> CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.	▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CD
▪l	▪B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.	▪B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.	▪ <input type="checkbox"/> CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.	▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CD
▪l ▪ñ	▪B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.	▪ <input type="checkbox"/> B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.	▪ <input type="checkbox"/> CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
▪e ▪ñ	▪ <input type="checkbox"/> B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.	▪ <input type="checkbox"/> B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	▪CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			aproximada.	
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá				
▪a	▪B5.1. Organización política en Grecia e en Roma.	▪ <input type="checkbox"/> B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.	▪CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CCL

			mecanismos de participación política.	
g h ñ	B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.	B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.	CSIEE CSC CCL
			CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.	CCL CSC CCL
c ñ	B5.3. A familia en Grecia e Roma.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.	CSC CCL
m	B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.	B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.	CD CAA CSC CMCCT

Cultura Clásica. 3o ou 4o de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				CCL
			CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.	CAA CMCCT CSC CCL
d	B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.	B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van	CSIEE CAA CSC CCL

			dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	
▪ñ	▪B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.	▪ <input type="checkbox"/> B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.	▪CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 6. Lingua e literatura				
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.	▪ <input type="checkbox"/> B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.	▪ <input type="checkbox"/> CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.	▪ <input type="checkbox"/> B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.	▪CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escri-	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CCL

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			turas, e explica a súa orixe.	
▪f	▪ <input type="checkbox"/> B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.	▪B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	▪ <input type="checkbox"/> CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪f ▪ñ ▪o	▪B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.	▪ <input type="checkbox"/> B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.	▪ <input type="checkbox"/> CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CSC

			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> l</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> ñ</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> B6.4. As linguas romances.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> h</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> ñ</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCA</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> e</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> ñ</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCA</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> f</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> l</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> ñ</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Principais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.8. Facer</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCB6.8.1. Explica os</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> </ul>

	reglas de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.	evolucions desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.	<input type="checkbox"/> CCA
			<input type="checkbox"/> CCB6.8.2. Realiza evolucions do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	<input type="checkbox"/> CCA <input type="checkbox"/> CCL
▪f	▪B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.	<input type="checkbox"/> B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.	▪CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico- técnica e sabe usalos con propiedade	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CCA

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪h ▪ñ ▪o	▪B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	▪ <input type="checkbox"/> B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	▪CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CCA
▪l	▪B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	▪ <input type="checkbox"/> B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	▪CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e reconece a súa influencia na literatura posterior.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CCA
▪l	▪B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	▪B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	▪CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 7. Pervivencia na actualidade				
▪l ▪n ▪ñ	▪B.7.1. Civilización grecolatina nas	▪B7.1. Recoñecer a presenza da	▪CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA

	artes e na organización social e política actual.	civilización clásica nas artes e na organización social e política.	cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	
■l ■n ■ñ	■B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	■B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	■CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.	■ <input type="checkbox"/> CAA ■ <input type="checkbox"/> CCEC
■l	■ <input type="checkbox"/> B7.3. Historia de Grecia e Roma e a	■B7.3. Identificar os aspectos máis	■CCB7.3.1. Enumera e explica	■ <input type="checkbox"/> CCL

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
■ñ	súa presenza no noso país.	importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e reconecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.	■ <input type="checkbox"/> CSC
■b ■e	■B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.	■B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.	■B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.	■ <input type="checkbox"/> CD ■ <input type="checkbox"/> CAA

### 3.-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN

#### ■ 1ª Avaliación.

As linguas e a súa orixe clásica

- O alfabeto grego como antecedente da maioría dos alfabetos actuais.
- Orixe fenicia do alfabeto grego.
- Permanencia de elementos grecolatinos nas linguas actuais.
- A expansión do latín: as linguas romances.
- Latinismos e cultismos máis frecuentes nas linguas castelá e galega.
- Prefixos e sufixos derivados del latín que máis se utilizan no noso idioma.



- Evolución e historia dos sistemas de escritura.
- Caracteres e dirección da escritura.
- Permanencia de letras e termos gregos nos ámbitos relixioso e científico actuais.

Helenismos no noso vocabulario cotián.

- Familias léxicas: palabras cultas e patrimoniais.

- Marte- Ares, deus da guerra.

A relixión no mundo antigo.

- O oráculo de Delfos.
- Peculiaridades da relixión clásica.
- Culto público e relixiosidade individual.
- Os colexios sacerdotais: pontífices, flámines, arúspices, augures e vestais.
- A pregaría e o sacrificio.
- Lugares de culto.
- Las divindades olímpicas.
- Las supersticións.
- Relixións históricas.
- O culto aos mortos.
- Os enterramentos.

## ■ 2ª Avaliación.

A infancia no mundo antigo.

- Xogos e xoguetes infantís en Grecia e Roma
- Rituais celebrados co nacemento.
- Aceptación dos fillos no mundo clásico.
- Os nomes dun cidadán grego e romano.
- Importancia da educación nas antigas Grecia e Roma.
- Transcendencia dos estudos da Antigüidade ata os nosos días.
- A indumentaria na infancia.
- Utensilios e soportes de escritura.
- Zeus, deus do universo. A súa infancia.

O mundo feminino.

- Condición da muller na sociedade grega e romana.
- Rituais das cerimoniais matrimoniais en Grecia e Roma.
- Aspectos legais do matrimonio (especialmente en Roma)
- Tipos de matrimonio en Roma
- La vida cotiá da muller grega e romana
- La indumentaria feminina.
- O Xuízo de Paris. Afrodita, deusa da beleza.

O mundo masculino.

- Profesións do home na antigüidade.
- O tempo durante a xornada.
- Actividades cotiás do home grego e romano.
- A indumentaria masculina.
- O banquete como acto social.
- As termas como centro de actividades físicas e sociais.
- O mito de Apolo e Dafne. Apolo deus da profecía e das artes.

### ■ 3ª Avaliación.

Política, cidadanía e mundo clásico.

- Análise das características dunha polis grega.
- Relación dos sistemas políticos de Grecia e Roma mediante actividades e correspondencias cos organismos actuais.
- O legado actual da democracia ateniense.
- A democracia ateniense.
- A polis grega, o seu desenvolvemento e expansión.
- Sociedade e política no mundo grego.
- Institucións políticas na antiga Roma.
- Sociedade e política en Roma.
- Fases da historia de Roma e as grandes conquistas territoriais ao longo delas.

O exército e a guerra.

- O exército ateniense e o espartano.
- As guerras médicas e as guerras do Peloponeso no século V a. C.
- O exército nos distintos períodos da historia de Roma.
- A lexión romana.
- O campamento romano.

Arte clásica e literatura.

- Arquitectura clásica: os templos grego e romano.
- A escultura grega e romana. Evolución, obras e artistas.
- A pintura e mosaico romanos.
- As literaturas grega e romana. Características xerais. Principais xéneros e autores representativos.
- Pervivencia das formas, temas, tópicos, etc. grecolatinos no panorama literario actual.

### **En todas as avaliacións:**

1. As linguas clásicas hoxe.

- Permanencia de elementos grecolatinos nas linguas actuais. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.

- Prefixos e sufixos derivados do latín e do grego que máis se empregan nas linguas románicas.

- Latinismos, cultismos, helenismos e expresións latinas máis frecuentes no galego e no castelán.

2. Mitoloxía: Mitos e lendas sobre deuses e heroes grecorromanos

3. A herdanza clásica no patrimonio monumental. A arqueoloxía e o valor artístico, cultural e documental dos restos. Gregos e romanos no noso contorno.

4. Os elementos da civilización grecolatina na organización política e social actuais.

5. Historia de Grecia e de Roma e a súa presenza no noso país.

6. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.

## **4.- AVALIACIÓN. CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS.**

### **4.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do proceso da aprendizaxe dos alumnos lévase a cabo tendo en conta:

- A observación do traballo diario do alumno, a revisión do caderno de xeito periódico, control de asistencia a clase e puntualidade, observación do grao de participación na aula.

- Probas escritas que recollan os contidos desenvolvidos en cada avaliación, fixadas sempre antes co alumno.
- Tarefas puntuais porque é moi importante que o alumno se achegue á cultura clásica.

#### **4.2. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A cualificación final de cada avaliación establecerase segundo o seguinte procedemento:

- **Traballo diario:** resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, lecturas e control destas e dos exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados nas distintas unidades, etc. Terá un valor dun **20%**.
- **Proxecto ou traballo de investigación** sobre contidos como: relixión e mitos clásicos, diferentes aspectos da civilización clásica, legado, literatura, pervivencia das linguas. Para o cal poderanse empregar recursos TIC como: presentacións powerpoint, pequenos vídeos, etc. Farase un por avaliación. O traballo terá o valor dun **30%**.
- **Probas escritas** tipo test e de resposta breve que se farán en cada trimestre (unha proba por avaliación). Terán un valor dun **50%**.

#### **4.3. MÉTODO DE RECUPERACIÓN**

Nas avaliacións nas que non se obteña unha cualificación positiva (cinco ou máis puntos) poderán recuperarse mediante probas de recuperación e que serán distribuídas en tres ao longo do curso, correspondentes a cada unha das avaliacións e recollerán cuestións referentes aos contidos vistos en cada una delas.

#### **4.4. CRITERIOS PARA CALCULAR A NOTA FINAL DA MATERIA**

Para superar a materia, o alumnado deberá obter na avaliación final do mes de xuño unha **cualificación positiva (cinco ou máis puntos)**.

Teranse en conta os seguintes criterios:

Será preciso que á hora da avaliación final teñan cualificación positiva (cinco ou máis puntos) en dúas das tres avaliacións, sendo unha delas a terceira. A nota final será igual á media aritmética das tres avaliacións.

- Terase en conta que a derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

► O período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Así, o alumnado que teña a materia con partes sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, poderá realizar as correspondentes actividades de recuperación.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

- **Criterios de redondeo:** cando un alumno teña na avaliación final unha nota media de entre 4,5 e 5 puntos, poderá ser proposto como aprobado atendendo exclusivamente á súa capacidade de traballo e ao seu comportamento ao longo do curso. (Esta medida poderá ser de aplicación tamén na primeira, na segunda e na terceira avaliación).

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Na presentación da cultura do mundo clásico, intervén tamén a observación de formas de organización social, política e relixiosa, así como o estudo dos principais aspectos históricos, culturais e artísticos da cultura latina. Preséntanse comparacións e contrastes deses aspectos, para comprender mellor a súa evolución e cómo se transformaron nas formas actuais de organización. A materia desenvólvese tendo en conta a bagaxe cultural e lingüística do alumnado e coa pretensión de amosarlle novos patróns expresivos que amplíen as súas posibilidades de comunicación na sociedade. Terán especial importancia a linguaxe que se empregue e a calidade e adecuación dos textos que se utilicen na clase, tanto os pertencentes á cultura latina coma os textos actuais que se introduzan para establecer as comparacións oportunas.

Organizaráanse as sesións de clase de xeito ameno e variado para motivar ó alumno.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- No presente curso 2021-22 empregárase a plataforma **Edixgal** e o alumnado servirase dos recursos que esta proporcione.
  - Recursos informáticos. Uso da **Aula Virtual** do centro a través da cal se proporcionarán por parte da profesora apuntes e diversos materiais de traballo ao alumnado.
  - Programa para elaborar presentacións; power point, impress.
  - Programa para elaborar actividades: jcllic.
  - Ordenadores con conexión a internet.
  - Fichas de traballo impresas e lecturas diversas.
- O alumnado poderá servirse como manual de consulta do libro de texto: Cultura Clásica 3º ESO. Proyecto La Casa del Saber, Editorial Santillana.

## LATÍN 4º ESO

### 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo. O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

## 2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances			
▪ f ▪ ñ ▪ o	▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua.	▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	▪ LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CAA</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> </ul>
▪ e ▪ ñ ▪ o	▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	▪ <input type="checkbox"/> LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CAA</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CMCCT</li> </ul>
▪ l ▪ ñ ▪ o	▪ <input type="checkbox"/> B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	▪ <input type="checkbox"/> LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CAA</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> </ul>
▪ l ▪ ñ ▪ o	▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	▪ <input type="checkbox"/> LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CAA</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> </ul>
▪ f ▪ ñ ▪ o	▪ <input type="checkbox"/> B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CAA</li> </ul>

▪b	▪B1.5. Nocións básicas de evolución	▪B1.6. Coñecer e aplicar as regras	▪LAB.1.6.1. Realiza evolucións de	▪ <input type="checkbox"/> CCL
----	-------------------------------------	------------------------------------	-----------------------------------	--------------------------------

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ñ ▪o	fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	▪ <input type="checkbox"/> CAA
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos				
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura.	▪B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	▪LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B2.2. Orixe do alfabeto latino.	▪B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	▪ <input type="checkbox"/> LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CD
▪h	▪B2.3. Pronuncia do latín.	▪B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	▪LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 3. Morfoloxía				
▪b	▪ <input type="checkbox"/> B3.1. Formantes das palabras.	▪ <input type="checkbox"/> B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	▪LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	▪ <input type="checkbox"/> B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	▪ <input type="checkbox"/> LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪e ▪b	▪B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	▪B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	▪LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪b ▪e	▪B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	▪B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	▪LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCL
			▪LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
▪b ▪e	▪B3.5. Flexión verbal.	▪B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	▪LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
			▪LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
▪e ▪b ▪h ▪ñ ▪o	▪B3.5. Flexión verbal.	▪B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	▪ <input type="checkbox"/> LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
			▪ <input type="checkbox"/> LAB3.6.2. Cambia de voz as formas	▪ <input type="checkbox"/> CD

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
			▪ <input type="checkbox"/> LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
			▪ LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 4. Sintaxe				
▪f	▪B4.1. Elementos da oración.	▪B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	▪LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT
▪h	▪ <input type="checkbox"/> B4.2. Casos latinos.	▪B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	▪LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.  ▪LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL  ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B4.3. Concordancia.	▪B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no	▪ <input type="checkbox"/> LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas	▪ <input type="checkbox"/> CCL



Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		castelán.	frases, onde practica o seu uso.	
▪b	▪B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	▪B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	▪LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪e	▪B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	▪B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	▪LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪h	▪ <input type="checkbox"/> B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	▪B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	▪LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízalas e tradúceas correctamente.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización				
▪a ▪f ▪e ▪ñ	▪B5.1. Períodos da historia de Roma.	▪B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	▪LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CSIEE ▪ <input type="checkbox"/> CD
			▪ <input type="checkbox"/> LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CSC
			▪LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT
			▪LAB5.1.4. Describe algúns dos principais feitos históricos da civiliza-	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CCEC

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			ción latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> </ul>
▪ a ▪ ñ	▪ B5.2. Organización política e social de Roma.	▪ B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.	▪ LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSIEE</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> </ul>
			▪ LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSIEE</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> </ul>
▪ c ▪ ñ	▪ <input type="checkbox"/> B5.3. A familia romana.	▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	▪ LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> </ul>
▪ l ▪ n	▪ B5.4. Mitoloxía e relixión.	▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	▪ LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCL</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> </ul>
▪ n ▪ ñ	▪ B5.4. Mitoloxía e relixión.	▪ B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	▪ LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CAA</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> </ul>

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ m	▪ B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e	▪ B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as carac-	▪ LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado,	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/> CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/> CSC</li> </ul>

	indumentaria.	terísticas principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	analizando os tipos de venda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA
▪d ▪e ▪ñ	▪B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	▪B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.	▪LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CCEC
Bloque 6. Textos				
▪h	▪B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	▪B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	▪ <input type="checkbox"/> LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA
▪d ▪o	▪B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	▪ <input type="checkbox"/> B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	▪LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA
▪h	▪B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	▪B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	▪ <input type="checkbox"/> LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪l ▪f	▪ <input type="checkbox"/> B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais,	▪B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do	▪LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CCL

	adaptados ou traducidos.	contido e a estrutura de textos latinos traducidos.	seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪<input type="checkbox"/>CMCCT</li> <li>▪<input type="checkbox"/>CD</li> <li>▪<input type="checkbox"/>CCL</li> </ul>
▪b	▪B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	▪B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	▪LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪g	▪B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	▪B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	▪LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 7. Léxico				
▪h ▪ñ ▪o	▪B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	▪B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	▪ <input type="checkbox"/> LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪<input type="checkbox"/>CAA</li> <li>▪<input type="checkbox"/>CCL</li> </ul>
			▪LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪<input type="checkbox"/>CD</li> <li>▪<input type="checkbox"/>CAA</li> </ul>
▪b ▪ñ ▪o	▪B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	▪B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	▪LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪<input type="checkbox"/>CMCCT</li> <li>▪<input type="checkbox"/>CCL</li> </ul>
▪l	▪B7.2. Composición e derivación	▪B7.3. Recoñecer os elementos	▪LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de	▪ <input type="checkbox"/> CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ñ ▪o	culta: lexemas, prefixos e	léxicos latinos que permanecen nas linguas	palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir	

	sufixos.	do alumnado.	desta o seu significado.	
▪e ▪b	▪B7.3. Locucións latinas de uso actual.	▪B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	▪LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CCL

### 3.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN

#### 1. Bloque 1. Elementos básicos do sistema da lingua latina.

1. O abecedario e a pronuncia do latín. Lectura de textos en latín e recoñecemento de termos transparentes.
2. O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos. Recoñecemento das diferenzas e similitudes básicas entre a estrutura da lingua latina e a das linguas romances utilizadas polo alumno.
3. Clases de palabras. A flexión nominal, pronominal e verbal. Recoñecemento das categorías gramaticais da flexión latina e comparación cos elementos flexivos das linguas actuais. Léxico latino de frecuencia.
4. As estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras. Nexos coordinantes máis frecuentes. Análise morfosintáctica, tradución de textos breves e sinxelos en lingua latina e retroversión de oracións simples.
5. Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e pervivencia do mundo clásico e instrumento privilexiado para unha comprensión profunda do sistema das linguas romances.

#### 2. Bloque 2. A historia e evolución da lingua latina.

1. A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.
2. Latín culto e latín vulgar. A formación das linguas romances. Diferenciación entre lingua falada e escrita. Análise dos procesos de evolución das linguas Romances.
3. A evolución fonética. Termos patrimoniais e cultismos. Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes. Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente.
4. A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del. Lectura de textos en linguas non romances e identificación neles de termos de orixe latina.
5. Valoración da orixe común das principais linguas europeas, interese pola adquisición de novo vocabulario, respecto polas demais linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.

#### 3. Bloque 3. A formación das palabras.

1. Compoñentes grecolatinos nas linguas romances. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua. Definición de palabras a partir dos seus étimos.
2. O vocabulario da ciencia e da técnica. Recoñecemento de étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.
3. Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións latinas incorporadas á lingua falada e escrita.
4. Curiosidade por coñecer o significado etimolóxico das palabras e interese na adecuada utilización do vocabulario.

#### 4. Bloque 4. Outras vías de transmisión do mundo clásico.

1. O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.

2. As institucións e a vida cotiá. Interpretación dos seus referentes desde a nosa perspectiva sociocultural. Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.

3. As pegadas materiais da romanización. Observación directa e indirecta do patrimonio arqueolóxico e artístico romano, utilizando diversos recursos, incluídos os que proporcionan as tecnoloxías da información e a comunicación.

4. A mitoloxía na literatura e nas artes plásticas e visuais.

5. Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas de todo tipo e interpretación do seu significado.

6. Valoración do papel de Roma na historia de Occidente, respecto pola herdanza do seu patrimonio arqueolóxico, artístico e literario e interese pola lectura de textos da literatura latina.

#### **4.- AVALIACIÓN. CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS.**

##### **4.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos previstos para a avaliación ordinaria do proceso de aprendizaxe do alumnado son os seguintes.

- A observación do traballo diario do alumno, a revisión do caderno de xeito periódico, control de asistencia a clase e puntualidade, observación do grao de participación na aula.

- Probas escritas que recollan os contidos desenvolvidos en cada avaliación, fixadas sempre antes co alumno. Dous exames por avaliación.

- Outras probas que consistirán nunha redacción na que o/a alumno/a relacione o coñecemento sobre algún aspecto do mundo clásico traballado na aula con algún problema ou aspecto concretos da realidade actual.

- Tarefas puntuais: lectura dun mito clásico, dalgunha obra de literatura latina, búsqueda de latinismos na prensa, nos libros e na publicidade.

- Os traballos elaborados polos alumnos/as, individuais ou/e engrupo con presentacións orais.

##### **4.2. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A cualificación final de cada avaliación establecerase segundo o seguinte procedemento:

- **Traballo diario:** probas orais de carácter diario sobre a materia explicada na clase anterior, ou aspectos fundamentais doutras explicacións Orde e corrección nos apuntamentos e nos exercicios traducións en casa e na aula para aprendizaxe da sintaxe e das técnicas de tradución, realización de cuestionarios sobre aspectos diversos a civilización Romana, lectura e comentario de textos clásicos, participación en sesións de debate, etc. Estas actividades serán realizadas oralmente e por escrito buscando manter un ritmo constante e axeitado de traballo e aprendizaxe. Terá un valor dun **10%**

- **Probas escritas** (mínimo dúas probas por avaliación). Terán un valor dun **70%**

Constarán fundamentalmente de:

- Análise sintáctica e tradución de oracións independentes ou ben, segundo avance o curso, dun texto breve e sinxelo (3 liñas).

- Exercicios tales como declinar algún sustantivo e adxectivo, conxugar algún tempo verbal, análise e tradución de casos soltos, concordancias de grupos de sustantivos, adxectivos e/ou pronomes, formación de casos concretos de grupos de sustantivos, adxectivos e/ou pronomes, etc.

- Frases ou pequenos textos en castelán/galego para pasar ao latín.

- Recoñecer cambios fonéticos ou exercicios de evolución dalgunha palabra ao galego e castelán ou ben de comentario sobre a súa historia ou cambios de significado.
- Explicar o sentido e/ou empregar expresións latinas de uso frecuente. Etimoloxías.
- Unha serie de preguntas breves ou tipo test sobre cada un dos apartados de índole cultural tratados na avaliación: coñecemento de mitos clásicos, civilización romana, legado, literatura, pervivencia das linguas.

• **Proxecto ou traballo de investigación** sobre contidos como: relixión e mitos clásicos, diferentes aspectos da civilización romana, legado, literatura, pervivencia da lingua latina. Para o cal poderanse empregar recursos TIC como: presentacións powerpoint, pequenos vídeos, etc. Farase un por avaliación. O traballo terá o valor dun **20%**.

### 4.3. MÉTODO DE RECUPERACIÓN

En Latín de 4º ESO, os contidos son, acumulativos (excepto o aspecto non lingüístico), polo que a súa avaliación será continua. Nelas non se farán con carácter ordinario exames de recuperación en ningunha avaliación.

De xeito extraordinario, poderanse realizar exames de recuperación a alumnos que suspendan a 3ª avaliación en atención ao seu comportamento e ao seu rendemento académico ao longo do curso, de xeito que un mal resultado nunha proba non poña en perigo o traballo de todo un curso.

### 4.4. CRITERIOS PARA CALCULAR A NOTA FINAL DA MATERIA

Para superar a materia, o alumnado deberá obter na avaliación final do mes de xuño unha **cualificación positiva (cinco ou máis puntos)**.

Debido a que as características da materia e do ciclo no que se desenvolve esixen un sistema de avaliación continua por tratarse de materias nas que non se eliminan contidos, tendo en conta os seguintes criterios:

- Tres avaliacións superadas: materia aprobada coa nota media aritmética das tres avaliacións.
- Primeira avaliación suspensa, resto aprobadas: materia aprobada coa nota media aproximada.
- Tres, ou segunda e terceira avaliacións suspensas: materia suspensa.
- Primeira e segunda avaliacións aprobadas e terceira suspensa, debido ao abandono da asignatura: materia suspensa e recuperación de toda a materia.

▪ Terase en conta que a derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

► O período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicarse a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Así, o alumnado que teña a materia con partes sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, poderá realizar as correspondentes actividades de recuperación sobre contidos culturais, exercicios de análise morfosintáctica, declinación, conxugación, etc. e tradución.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

• **Criterios de redondeo:** cando un alumno teña na avaliación final unha nota media de entre 4,5 e 5 puntos, poderá ser proposto como aprobado atendendo exclusivamente á súa capacidade de traballo e ao seu comportamento ao longo do curso. (Esta medida poderá ser de aplicación tamén na primeira, na segunda e na terceira avaliación).

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

O obxectivo desta materia non é exclusivamente iniciar aos alumnos de 4º de ESO no coñecemento da lingua latina senón tamén da súa cultura.

Para acadar isto consideramos fundamental a interacción profesor-alumno e unha serie de aspectos metodolóxicos que expoñemos a continuación:.

1. Os principios metodolóxicos deben ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecer a capacidade de aprender en por si e promover o traballo en equipo.

2. A metodoloxía didáctica debe ser fundamentalmente activa e participativa, e integrar referencias á vida cotiá e á contorna do alumnado.

3. Débese proporcionar un enfoque multidisciplinar ao proceso educativo; o alumno debe entender que a cultura e lingua latina está presente noutras materias.

4. As horas de clase organízanse en tres partes, a primeira parte vai ser teórica, explicación de gramática, literatura, historia ou mitoloxía, a segunda parte vai ser práctica de exercicios, a terceira parte vai ser dedicada a vocabulario culto e latinismos.

5. Lectura de diálogos e textos latinos sinxelos. Neste apartado o alumno familiarízase dun modo intuitivo coa gramática e o vocabulario latino. Con esta actividade de grupo conséguese a participación activa do alumnado e a aprendizaxe natural de gramática e vocabulario latino. Así mesmo, o alumnado practica a lectura e a expresión oral en público.

6. Estudo do vocabulario herdado polo galego e castelán do latín. Neste apartado o alumno coñece a importancia fundamental do latín tanto no galego e castelán que utiliza a nivel coloquial e familiar (a través do estudo das regras de evolución do latín ao galego e castelán), como no vocabulario científico e técnico das distintas áreas de coñecemento. Neste apartado da unidade didáctica é fundamental crear curiosidade no alumno acerca das evolucións e cambios que sofren as linguas, así como polo vocabulario común entre elas. É tamén un apartado no que o concepto de saber e coñecemento interdisciplinario debe ser captado polos/as alumnos/as, que deben apreciar a relación entre materias en principio tan dispares como o Latín e as Ciencias Naturais, por exemplo.

## 6.- MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS

1. No presente curso 2021-22 empregárase a plataforma **Edixgal** e o alumnado servírase dos recursos que esta proporcione.

2. Libro de lectura obrigatoria: consesuarase cos alumnos o libro de lectura obrigatoria a partir dunha lista de libros que o profesor lles proporcionará.

3. Exercicios facilitados ao alumnado creados pola profesora para un progreso paulatino e constante, que incluírán aspectos de todos os bloques temáticos da materia, especialmente os de contido lingüístico, morfolóxico e gramatical, sintáctico e léxico.

4. Recursos informáticos. Uso da **Aula Virtual** do centro a través da cal se proporcionarán por parte da profesora apuntes e diversos materiais de traballo ao alumnado.

5. Fichas de traballo impresas e lecturas diversas.

• O alumnado poderá servirse como manual de consulta do libro de texto: Latín 4 ESO editorial Anaya.

## 7.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ADAPATACIÓNS CURRICULARES



En tanto que nestas materia a avaliación é continua, en principio os/as alumnos/as que teñan unha cualificación negativa nalgunha avaliación terán a oportunidade de recuperar esa nota aprobando a avaliación seguinte. Con todo, se así o aconsellasen as circunstancias concretas do grupo ou dalgún dos alumnos, excepcionalmente poderíase realizar algunha proba de recuperación.

A atención á diversidade plasmarase en principio e de modo xeral en:

- a selección dos contidos mínimos esixibles en cada unidade didáctica.
- a diferenciación entre actividades obrigatorias e opcionais. As primeiras son as que aseguran a comprensión do contido da unidade didáctica e reforzan os contidos xa tratados en anteriores unidades. As segundas son as que soben en certo grao o nivel, xa que requiren algunha procura de información fóra dos datos máis próximos ou combinar distintos tipos de contidos.

Así mesmo este departamento de acordo cos/as alumnos/as que así o precisen e en coordinación co departamento de orientación, no seu caso, tomará as medidas precisas para atender á diversidade do seu alumnado en función das características e necesidades concretas dos/as alumnos/as, no transcurso do desenvolvemento das materias.

## **8.- PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS**

O artigo 5.5 do R.D. 1631/2006, a propósito da organización do cuarto curso da ESO, establece o seguinte:

Sin perxuício do tratamento específico nalgunhas das materias deste curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a educación en valores traballaránse en todas.

Explícase seguidamente a forma na que estes eixes ou contidos transversais incorpóranse ó currículo:

1. Comprensión lectora. Parte fundamental da actividade diaria na aula esixe a lectura e comprensión de textos. Así pois, este contido transversal incorpórase ó currículo a través da actividade diaria na aula e a través das actividades que debe realiza-lo/a alumno/a na súa casa,

2. Expresión oral e escrita. Parte fundamental da actividade diaria na aula esixe a capacidade por parte do/a alumno/a para se expresar adecuadamente de forma oral e escrita. Isto supón que o/a alumno/a debe aprender a diferenciar entre a forma de expresión oral coloquial e formal e, en todo caso, entre a forma de se expresar oralmente e por escrito. Este contido transversal recóllese na actividade diaria de clase (expresión oral) e na elaboración de actividades e traballos (expresión escrita).

3. A comunicación audiovisual. Este departamento considera que este contido transversal na práctica está subsumido ou incorporado ó apartado número 4.

4. Tecnoloxías da información e a comunicación. a través da utilización de recursos en soporte informático para realizar actividades de consolidación e repaso. Pero ademais o uso, acceso e aproveitamento dos múltiples recursos e información accesible a través da internet supón que os/as alumnos/as deben aprender ou consolida-los procedementos para buscar información, procesala y aproveitala.

5. Educación en valores. A falta dunha definición concreta e pechada de cales sexan os valores que deban transmitirse e traballarse de modo transversal na materia de Cultura Clásica, este departamento, tomando como referencia os principios básicos da constitución vixente, propón traballar e incidir sobre os seguintes valores:

-Valores de participación democráticos. O respecto ás opinións dos demais, o dereito a oír e ser oído, a poder soste opinións críticas e contrarias, e o dereito a poder participar na organización e funcionamento da sociedade a través do voto, son aspectos fundamentais que se incorporan ó currículo a través da reflexión e o debate que de modo natural se suscita na aula a partir da lectura e consideración dos distintos aspectos da vida e da sociedade do mundo clásico.

-Valores relativos aos dereitos fundamentais dos seres humanos. A existencia dunha declaración dos dereitos humanos que cada ser humano, polo feito de o ser, ostenta e ten dereito a esixir, é un aspecto fundamental cando se contrastan as sociedades do mundo antigo coas modernas. De modo natural e espontáneo, ó coñecer aspectos concretos do mundo antigo, as diferencias e avances que se produciron na sociedade han ser obxecto de debate e consideración na aula.

-Valores relativos á igualdade dos sexo e á violencia de xénero. Este departamento considera que calquera tipo de violencia é reprobable e rexeitable. Sen embargo, a especial sensibilización que a nosa sociedade evidencia con respecto á violencia de xénero, fai que sexa necesario tratar este aspecto dun modo diferenciado. En todo momento hase insistir no principio básico de igualdade entre home e muller, en tanto que detentadores duns mesmos dereitos e obrigas, aos que se debe dar unha mesma igualdade de oportunidades que de ningún modo deben quedar mediatizadas ou limitadas polo seu sexo. A este respecto, as sociedades do mundo antigo, especialmente a sociedade ateniense, pero tamén dende un punto de vista legal a romana, deben servir para contrasta-la situación de inferioridade legal e real na que estivo a muller durante moito tempo, en contraste coa situación actual, na que, aínda con excepcións e necesidade de mellora, a muller xa ocupa unha situación de igualdade, polo menos legal, na nosa sociedade.

-Valores relativos á convivencia pacífica. Un valor fundamental das sociedades occidentais é a necesidade dunha convivencia pacífica tanto a nivel internacional como dentro dos propios estados e comunidades. A través do coñecemento dos conflitos na antigüidade (tamén as súas causas e consecuencias) os/as alumnos/as poderán considera-las orixes dos conflitos e as súas consecuencias, establecer comparacións con situacións actuais e tira-las conclusións orientadas a evitar estas situacións.

## **LATÍN I**

### **1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

*De acordo co Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o Latín I é materia troncal do bacharelato na modalidade de humanidades.*

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, incluso, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en

Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, reconécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

**Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego,** cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo. O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas,

da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos. Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances e ten un trato lixeiramente diferente para os cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, e o curso de segundo de bacharelato. Os contidos dos dous primeiros cursos comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, e xa para os tres cursos, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

O seguinte bloque, deseñado só para latín de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato, aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia. Os dous bloques seguintes, comúns aos tres cursos, tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

Nos cursos de cuarto de ESO e primeiro de bacharelato dedicouse un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.

O estudo máis en profundidade destas últimas resérvase para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para

lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, nos tres cursos dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias. O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

## **2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

<b>Latín I. 1º de bacharelato</b>				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪d ▪p ▪n	▪B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	▪B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e reconecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.	▪LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e reconece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos				
▪g	▪ <input type="checkbox"/> B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura.	▪B2.1. Reconecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	▪LAT1B2.1.1. Reconece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
▪g	▪B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.	▪ <input type="checkbox"/> B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica.	▪LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT
▪g	▪B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.	▪B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.	▪LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e reconece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
▪e	▪B2.3. Pronuncia do latín: tipos.	▪B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos.	▪ <input type="checkbox"/> LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.	▪ <input type="checkbox"/> CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. Morfoloxía				
▪d	▪□B3.1. Formantes das palabras.	▪B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	▪LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	▪□CMCCT ▪□CCL
▪g	▪□B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	▪□B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.	▪LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	▪□CAA ▪□CCL
▪i ▪l	▪B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	▪B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	▪□LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación	▪□CAA ▪□CCL ▪□CD
▪g ▪d	▪B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	▪B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	▪LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación.	▪□CCL
			▪LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	▪□CCL

Latín I. 1o de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪d ▪g	▪B3.5. Flexión	▪B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os	▪LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e	▪□CAA ▪□CCL



	verbal.	verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	describe os trazos polos que se reconecen os modelos de flexión verbal.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación.</li> </ul>	▪ <input type="checkbox"/> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.</li> </ul>	▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪l ▪d	▪B3.5. Flexión verbal.	▪B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e reconecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva.	▪LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
			▪LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪g	▪B3.5. Flexión verbal.	▪B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e reconecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.	▪LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificarlas e define criterios para clasificalas.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL

Latín I. 1o de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪e ▪d ▪p	▪B3.5. Flexión verbal.	▪ <input type="checkbox"/> B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.	▪LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
Bloque 4. Sintaxe				

▪i	▪B4.1. Elementos da oración.	▪B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	▪LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B4.2. Casos latinos.	▪B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	▪LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪g	▪ <input type="checkbox"/> B4.3. Concordancia.	▪B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	▪LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪d	▪B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	▪B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	▪LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCL

Latín I. 10 de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪g	▪B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación.	▪B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.	▪LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪e	▪B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	▪B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e	▪LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL

		participio.	exemplos do seu uso.	
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	▪B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.	▪LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización				
▪a ▪i ▪l ▪g ▪p	▪B5.1. Períodos da historia de Roma.	▪B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	▪LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións	▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CSC
			▪LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CSIEE ▪ <input type="checkbox"/> CCEC

Latín I. 10 de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			▪LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CSC
			▪LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT
			▪LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CSIEE ▪ <input type="checkbox"/> CCL

			posterior.	
h a p	B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.	B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos.	<p>LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.</p> <p>LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CCEE</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p>
n p	B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.	B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos.	LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas	<p>CAA</p> <p>CMCCT</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p>

Latín I. 10 de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.	CD
a c	B5.3. Organización política e social de Roma.	B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.	<p>LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.</p> <p>LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.</p>	<p>CSIEE</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CD</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p>
n	B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	<p>LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.</p> <p>LA1B5.5.2. Identifica deuses,</p>	<p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p>

			semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CCL
▪n	▪B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios	▪B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais	▪LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do	▪ <input type="checkbox"/> CCEC

Latín I. 1o de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪h ▪p		, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE
			▪LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.	<input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CCL
▪n	▪B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	▪B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios.	▪LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CCEC
▪n	▪ <input type="checkbox"/> B5.5. Arte romana.	▪B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.	▪LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CD

▪i	▪B5.6. Obras públicas e urbanismo.	▪B5.9. Identificar os trazos máis	▪ <input type="checkbox"/> LA1B5.9.1. Describe as caracte-	▪ <input type="checkbox"/> CD
----	------------------------------------	-----------------------------------	------------------------------------------------------------	-------------------------------

Latín I. 1o de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪d ▪p		destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.	rísticas, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CMCCTC
			▪ <input type="checkbox"/> LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CAA
▪a	▪B5.7. O exército.	▪B5.10. Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución.	▪LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT
Bloque 6. Textos				
▪e	▪B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.	▪B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.	▪ <input type="checkbox"/> LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
▪d ▪p	▪B6.2. Comparación das estruturas	▪ <input type="checkbox"/> B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	▪ <input type="checkbox"/> LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL

	latinas coas das linguas propias.		xeito global, relacionando estruturas latinas con ou-	
--	-----------------------------------	--	-------------------------------------------------------	--

Latín I. 1o de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			tras equivalentes nas linguas que coñece.	
▪d ▪i	▪B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	▪ <input type="checkbox"/> B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	▪ <input type="checkbox"/> LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪d ▪e	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪<input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.</li> <li>▪<input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia.</li> </ul>	▪ <input type="checkbox"/> B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	▪LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CAA
			▪LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪i	▪B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina.	▪B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	▪ <input type="checkbox"/> LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪i	▪B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina.	▪B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	▪LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	▪ <input type="checkbox"/> CCL

	Bloque 7. Léxico	
--	------------------	--

Latín I. 10 de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪e	▪B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	▪B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	▪ <input type="checkbox"/> LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
			▪ <input type="checkbox"/> LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪d ▪p	▪ <input type="checkbox"/> B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	▪B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	▪ <input type="checkbox"/> LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪d ▪p	▪B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	▪B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.	▪ <input type="checkbox"/> LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪e ▪p	▪B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	▪ <input type="checkbox"/> B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	▪LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	▪ <input type="checkbox"/> CCL
			▪LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪g ▪e	▪B7.4. Locucións latinas de uso actual.	▪B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	▪LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CCL



### 3.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN

#### ■ 1ª AVALIACIÓN

As linguas indoeuropeas. As linguas románicas.  
Abecedario e pronunciación.  
Morfoloxía nominal: Casos e funcións.  
1ª declinación.  
2ª declinación.  
Adxectivos de tema en o/a.  
3ª declinación. Adxectivos de unha e dúas terminacións.  
4ª declinación.  
5ª declinación.  
Morfoloxía verbal: características xerais.  
Verbo *sum*: sistema de presente.  
Verbos regulares: sistema de presente e perfecto: voz activa.  
Sintaxe: a oración copulativa e a concordancia.  
Etimoloxía. Do latín ao galego: vocalismo.  
Civilización e cultura:  
Orixes de Roma e a súa historia.  
Organización socio-política.

#### ■ 2ª AVALIACIÓN

Morfosintaxe pronominal. Pronomes persoais, reflexivos e posesivos. Pronomes demostrativos.  
Morfoloxía verbal:  
Sistema de presente e perfecto: voz pasiva.  
Sintaxe:  
Complementos circunstanciais de lugar e tempo.  
A oración pasiva.  
Etimoloxía: consoantes simples.  
Civilización e cultura:  
Vida cotiá.  
Relixión e mitoloxía.  
Autores e xéneros literarios.

#### ■ 3ª AVALIACIÓN

Morfosintaxe pronominal: o pronome relativo.  
Morfoloxía nominal:  
Os graos do adxectivo.  
Sintaxe:  
A oración composta, coordinación e subordinación.  
Oracións subordinadas de relativo.  
Participio non concertado.  
Conxuncións polivalentes: *ut, ne, cum, quod*.  
Oracións completivas de infinitivo.  
Etimoloxía: consoantes xeminadas e grupos de consoantes.  
Civilización e cultura:  
Institucións socio-políticas: o dereito romano.  
Romanización.

## 4.- AVALIACIÓN. CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS.

### 4.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos previstos para a avaliación ordinaria do proceso de aprendizaxe do alumnado son os seguintes.

- A observación do traballo diario do alumno, a revisión do caderno de xeito periódico, control de asistencia a clase e puntualidade, observación do grao de participación na aula.
- Probas escritas que recollan os contidos desenvolvidos en cada avaliación, fixadas sempre antes co alumno. Dous exames por avaliación.
- Outras probas que consistirán nunha redacción na que o/a alumno/a relacione o coñecemento sobre algún aspecto do mundo clásico traballado na aula con algún problema ou aspecto concretos da realidade actual.
- Tarefas puntuais: lectura dun mito clásico, dalgunha obra de literatura latina, búsqueda de latinismos na prensa, nos libros e na publicidade.
- Os traballos elaborados polos alumnos/as, individuais ou/e engrupo con presentacións orais.

### 4.2. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A cualificación final de cada avaliación establecerase segundo o seguinte procedemento:

• **Traballo diario:** lectura e escritura de textos e oracións en latín, resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación na aula, lecturas e control destas e dos exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados nas distintas unidades, revisión do caderno de clase, etc. Terá un valor dun **10%**.

• **Probas escritas** (mínimo dúas probas por avaliación). Terán un valor dun **70%**.

Constarán fundamentalmente de:

- Traducción de oracións independentes en latín ou grego ou ben un texto breve (de 4 liñas), segundo avance o curso, e sinxelo.
  - Unha análise sintáctica de todo o texto.
- Sobre o devandito texto formularase algunha cuestións de modo similar aos exercicios que se veñan facendo en clase. Por exemplo:
  - Exercicios de evolución dalgunha palabra ao galego e castelán ou ben de comentario sobre a súa historia ou cambios de significado.
  - Comentario dalgún termo de acordo cos temas de historia e cultura vistos na avaliación.
- Exercicios sobre morfoloxía, que poderán incluír declinación, conxugación, seleccionar a palabra que non segue a mesma proporción dentro dunha serie, etc.
  - Latinismos e etimoloxía.
- Unha serie de preguntas breves sobre cada un dos apartados de índole cultural tratados na avaliación: coñecemento de mitos clásicos, civilización romana, legado, literatura, pervivencia da lingua.

• As cuestións relativas a morfoloxía, evolución fonética, etimoloxía e léxico e legado cultural poderán conformar unha proba única.

- **Proxecto ou traballo de investigación** sobre contidos como: relixión e mitos clásicos, diferentes aspectos da civilización romana, legado, literatura, etc. Para o cal poderanse empregar recursos TIC como: presentacións powerpoint, pequenos vídeos, etc. Farase un por avaliación. O traballo terá o valor dun **20%**.

### 4.3. MÉTODO DE RECUPERACIÓN

En **Latín I** de 1º **Bacharelato**, os contidos son, acumulativos (excepto o aspecto non lingüístico), polo que a súa avaliación será continua. Nelas non se farán con carácter ordinario exames de recuperación en ningunha avaliación.

De xeito extraordinario, poderanse realizar exames de recuperación a alumnos que suspendan a 3ª avaliación en atención ao seu comportamento e ao seu rendemento académico ao longo do curso, de xeito que un mal resultado nunha proba non poña en perigo o traballo de todo un curso.

### 4.4. CRITERIOS PARA CALCULAR A NOTA FINAL DA MATERIA

Para superar a materia, o alumnado deberá obter na avaliación ordinaria do mes de xuño unha **cualificación positiva (cinco ou máis puntos)**.

Debido a que as características da materia e do ciclo no que se desenvolve esixen un sistema de avaliación continua por tratarse de materias nas que non se eliminan contidos, tendo en conta os seguintes criterios:

- Tres avaliacións superadas: materia aprobada coa nota media das 3 avaliacións.
- Primeira avaliación suspensa, resto aprobadas: materia aprobada coa nota media aproximada.
- Tres, ou segunda e terceira avaliacións suspensas: materia suspensa e recuperación de toda a materia.
- Primeira e segunda avaliacións aprobadas e terceira suspensa, debido ao abandono da asignatura: materia suspensa e recuperación de toda a materia.

- **Criterios de redondeo:** cando un alumno teña na avaliación final unha nota media de entre 4,5 e 5 puntos, poderá ser proposto como aprobado atendendo exclusivamente á súa capacidade de traballo e ao seu comportamento ao longo do curso. (Esta medida poderá ser de aplicación tamén na primeira e na segunda avaliación).

### 4.5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, deberá realizar unha proba, na convocatoria extraordinaria que será cualificada de 0 a 10, e das mesmas características que as realizadas durante o curso, segundo o calendario e horario fixado polo centro escolar.

► O período abranguido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo dedicarse á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría

A cualificación da proba extraordinaria establecerase como segue:

- Proba escrita, cunha puntuación de 10 puntos, que recolla preguntas e actividades relativas aos contidos mínimos da materia (100% da nota).

As probas extraordinarias para Latín I serán semellantes ás realizadas na proba ordinaria, no que se refire a contidos gramaticais, tradución e análise morfosintáctica dos textos latinos.

A proba incluírá preguntas sobre contidos culturais (20% da nota), exercicios de análise morfolóxica: declinación, conxugación, etc. (40% da nota) e análise sintáctica e tradución de oracións en latín ao castelán ou galego (40% da nota). De non haber preguntas sobre contidos culturais, a nota repartirase equitativamente entre a gramática e a tradución.

## **5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

No desenvolvemento desta materia, hase procurar un estudo que permita ao alumnado descubrir as posibilidades que ofrece a lectura de textos como fontes de información sobre a Antigüidade. Os textos aproveitaranse, ao mesmo tempo, como base para o desenvolvemento da expresividade e a creatividade. É necesario tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe, co fin de mellorar e enriquecer a propia competencia comunicativa.

Propónse tamén como finalidade a ampliación do propio vocabulario e, consecuentemente, a mellora da comprensión e expresión do alumnado, mediante a realización de exercicios variados sobre léxico. Co estudo e a observación dos mecanismos de formación de palabras das linguas clásicas, o alumnado logrará aplicar os mesmos recursos ao estudo e manexo da súa lingua materna. Do mesmo xeito, e a través da lectura de textos específicos, poderá comprobar a procedencia clásica da maioría de termos relacionados cos distintos campos do saber humano.

O estudo da morfosintaxe latina enfocouse de forma funcional, de tal xeito que todo aquilo que o alumno/a aprenda a recoñecer o aplique inmediatamente na tradución de textos latinos e na retroversión. Buscáronse diversos niveis de dificultade de forma que o alumnado vaian profundando no seu estudo e comprensión, e apliquen os seus coñecementos na produción de textos, xa sexan traducións ou textos de creación propia.

Na presentación da cultura do mundo clásico, intervén tamén a observación de formas de organización social, política e relixiosa, así como o estudo dos principais aspectos históricos, culturais e artísticos da cultura latina. Preséntanse comparacións e contrastes deses aspectos, para comprender mellor a súa evolución e cómo se transformaron nas formas actuais de organización.

A materia desenvólvese tendo en conta a bagaxe cultural e lingüística do alumnado e coa pretensión de amosarlle novos patróns expresivos que amplíen as súas posibilidades de comunicación na sociedade. Terán especial importancia a linguaxe que se empregue e a calidade e adecuación dos textos que se utilicen na clase, tanto os pertencentes á cultura latina coma os textos actuais que se introduzan para establecer as comparacións oportunas.

Organizaráanse as sesións de clase de xeito ameno e variado para motivar ó alumno:

- A primeira parte da clase está dedicada á parte teórica de explicación de gramática.
- A segunda parte da clase está dedicada a exercicios prácticos : declinar palabras, conxugar verbos, analizar sintácticamente e traducir
- A terceira parte está dedicada a exercicios de léxico e etimoloxía ou temas de cultura clásica; porque é a parte máis relaxada e a que máis lle gusta ós alumnos.

Procurarase interrelacionar contidos de xeito que o alumno poida observar os numerosos restos que a lingua e a civilización dos romanos deixaron en moitas sociedades modernas.

É moi conveniente que os alumnos de bacharelato se habitúen a falar en público, de modo que propoñeremos ao longo do curso traballos individuais e, se fose posible tendo en conta a situación sanitaria neste curso 2021/22, colectivos sobre temas de cultura e civilización latina para que sexan

presentados oralmente. Iso favorecerá tamén o hábito de utilizar as ferramentas informáticas que teñen ao seu alcance, tanto para a procura e selección de información, como para a presentación dos traballos.

Tendo en conta que o grupo de Latín I non é numeroso, parécenos especialmente importante favorecer a interacción profesor-alumno e un clima de participación activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 6.- MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS

### A.

- Libro de traballo para o alumnado: Latín I, ed. Anaya.
- Exercicios facilitados ao alumnado creados pola profesora para un progreso paulatino e constante, que incluírán aspectos de todos os bloques temáticos da materia, especialmente os de contido lingüístico, morfolóxico e gramatical, sintáctico e léxico, así como lecturas diversas.
- Recursos informáticos. Uso da Aula Virtual do centro a través da cal se proporcionarán por parte da profesora apuntes e diversos materiais de traballo ao alumnado.

### B. Manuais de apoio:

GARCÍA GUAL, C.: Cultura Clásica, Santillana, Madrid, 1995.

ROMERO BARRANCO, C.: Clasicard. Declinaciones, flexiones y reglas de latín y griego, ed. Castellnou, Barcelona, 1995.

### C. Libros de apoio didáctico:

AGUADO, R. et al.: Raíces latinas de la lengua y la cultura hispánicas. M.E.C., Dirección General de Renovación Pedagógica, Vicens Vives, 1987.

BICKEL, E.: H<sup>a</sup> de la literatura romana, Gredos, Madrid, 1987.

BLAY, M. et al.: Lavinia. Cultura Clásica, Bosch, Barcelona, 1994.

FERRO RUIBAL, X., et al.: De onte a Hoxe. Latín II. Xerais, Vigo 1991.

KENNEY, E.J. & CLAUSEN, W.V. (ed.): H<sup>a</sup> da literatura clásica de Cambridge. Literatura latina, vol. II, Gredos, Madrid, 1989.

OERBERG, H. H.: Lingua Latina secundum naturae rationem explicata, H. Veenman & N. V. Zonen, Wageningen, Holland, 19653.

VV.AA.: Materiales didácticos. Latín. Ministerio de Educación y Ciencia, Dirección General de Renovación Pedagógica, 1993.

### D. A lingua latina e os textos:

RUBIO FERNÁNDEZ, L.; GONZÁLEZ ROLÁN, T.: Nueva gramática latina. Coloquio, Madrid, 1985.

VALENTÍ FIOLE, E.: Gramática latina. Bosch, Barcelona, 1982.

### E. O léxico latino e a súa evolución:

BLÁNQUEZ FRAILE, A.: Diccionario latino-español. Sopena, Barcelona, 1966.

COROMINAS, J.: Breve diccionario etimológico de la lengua castellana. 3<sup>a</sup> ed. Gredos, Madrid, 1973.

GARCÍA DE DIEGO, V.: Diccionario latino-español, español-latino, Bibliograf, Barcelona, 1964.

HERRERO LLORENTE, V.J.: Diccionario de expresiones y frases latinas. 3<sup>a</sup> ed., Gredos, Madrid, 1992.

MATEOS MUÑOZ, A.: Etimologías latinas del español. Esfinge, México, 1988.

VALENTÍ FIOLE, L.E.: Aurea dicta. Crítica, Barcelona, 1987.

### F. Roma e o seu legado:

ALBERICH, J. et al.: Griegos y romanos, Alhambra, Madrid 1988.

ARIAS VILAS, F.: A romanización de Galicia, A nosa terra, Vigo, 1992.

CAAMAÑO GESTO, X.M.: As vías romanas, Museo do Pobo Galego, Santiago, 1984.

CALO LOURIDO, F.: A cultura castrexa, A nosa terra, Vigo, 1993.

- CARBALLO ARCEO, L.X.: Catálogo dos materiais arqueolóxicos do museo do Castro de Santa Tegra: Idade de ferro, Excma. Dip. Prov. Pontevedra, 1983.
- ESPINÓS, J.: Así vivían los romanos. Anaya, Madrid, 1988.
- FINLEY, M.I. (ed.): El legado de Grecia. Una nueva valoración, Crítica, Barcelona, 1989.
- GRIMAL, P.: Diccionario de la mitología griega y romana. Paidós, Barcelona, 1984.
- HACQUARD, G.: Guía de la Roma Antigua, Palas Atenea, Madrid, 1995.
- HOWATSON, M.C.: Diccionario de la literatura clásica. Alianza, Madrid, 1991.
- JENKYNS, R. (ed.): El legado de Roma. Una nueva valoración, Crítica, Barcelona, 1995.
- ROBERTS, M.J.: Dioses clásicos de la mitología, ed. Libsa.
- TAPLIN, O.: Les enfants d'Homère. L'héritage grec et l'Occident (título orixinal: Greek Fire), Robert Laffont, Paris, 1990.
- G. Material audiovisual de apoio:

Mapas:

- a. ROIG OBIOL, J.: Atlas de historia universal y de España. 1/ edades antigua y medieval. Vicens Vives. Barcelona, 1989.
- b. VICENS VIVES (ed.): El Imperio romano.

## LATÍN II

### 1.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪e	▪ <input type="checkbox"/> B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	▪ B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.	▪ <input type="checkbox"/> LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
▪e	▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	▪ B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	▪ LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
▪e ▪p	▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	▪ B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.	▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA

▪d	▪B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación.	▪ <input type="checkbox"/> B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.	▪LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪e	▪B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	▪B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	▪LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
Bloque 4. Literatura latina				

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪h	▪B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪ <input type="checkbox"/> B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.	▪LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
▪n	▪B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.	▪ <input type="checkbox"/> LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
▪i ▪g	▪ <input type="checkbox"/> B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.	▪ <input type="checkbox"/> LA2B4.3.1. Realiza eixes crono- lóxicos e sitúaa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
			▪LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCL

			cita e explica as súas obras máis coñecidas.	
▪d	▪B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪ <input type="checkbox"/> B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.	▪LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
▪n ▪h ▪p	▪B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	▪B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	▪LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			literatura contemporánea. ▪LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CCL
Bloque 5. Textos				
▪e	▪B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	▪B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	▪ <input type="checkbox"/> LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CAA
▪d	▪B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	▪B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que	▪ <input type="checkbox"/> LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que	▪ <input type="checkbox"/> CD ▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL



		proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.	proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	
▪b	▪B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.	▪ <input type="checkbox"/> B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.	▪LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪a	▪B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	▪ <input type="checkbox"/> CSC ▪ <input type="checkbox"/> CCEC ▪ <input type="checkbox"/> CCL
▪h	▪B5.4. Identificación das características formais dos textos.	▪B5.5. Identificar as características formais dos textos.	▪LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CCEC
Bloque 6. Léxico				
▪e ▪p	▪B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.	▪B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.	▪LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CMCCT ▪ <input type="checkbox"/> CD
▪d ▪g ▪p	▪B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	▪B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	▪ <input type="checkbox"/> LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.	▪ <input type="checkbox"/> CAA ▪ <input type="checkbox"/> CCL ▪ <input type="checkbox"/> CD

			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/>CD ▪ <input type="checkbox"/>CCL</li> </ul>
▪h	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun con- texto axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/>CMCCT</li> <li>▪ <input type="checkbox"/>CSC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/>CD</li> <li>▪ <input type="checkbox"/>CCEC</li> <li>▪ <input type="checkbox"/>CCL</li> </ul>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			médica e científica.	
▪d ▪p	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/>LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <input type="checkbox"/>CCL</li> <li>▪ <input type="checkbox"/>CCEC</li> </ul>

## 2.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN

DECLINACIÓNS. REVISIÓN DA FLEXIÓN NOMINAL. FORMAS MENOS USUAIS E IRREGULARES.

1. Revisión da declinación de substantivos das cinco declinacións.
2. Revisión da flexión dos adxectivos.
3. Os graos do adxectivo.
4. Formación de adverbios a partir de adxectivos.
5. Os numerais.
6. Pronomes. Revisión da súa flexión. Outros pronomes.

FLEXIÓN VERBAL: REVISIÓN DA FLEXIÓN VERBAL REGULAR. VERBOS IRREGULARES E DEFECTIVOS. FORMAS NOMINAIS DO VERBO.

1. Revisión da flexión verbal regular.
  - 1.1. Modos: indicativo, subxuntivo e imperativo.
  - 1.2. Tempos de presente e de perfecto.
  - 1.3. Voces: activa e pasiva.
  - 1.4. Os depoñentes.
  - 1.5. O tema de supino.
2. Os verbos irregulares.
  - 2.1. Principais verbos irregulares: *sum* e compostos; *volo, fero, eo, fio, nolo...*

- 2.2. Formación e conxugación.
3. Os verbos defectivos.
  - 3.1. Os tempos.
4. Os verbos impersoais.
5. Formas nominais do verbo.
  - 5.1. O infinitivo: usos nominais e verbais.
  - 5.2. O participio: usos nominais e verbais; concertado e absoluto.
  - 5.3. O xerundio e o xerundivo.
  - 5.4. O supino.
6. A conxugación perifrástica: activa e pasiva.

#### A ORACIÓN. A CONCORDANCIA. SINTAXE DOS CASOS. AFONDAMENTO NA SINTAXE CASUAL...

1. Compoñentes esenciais da oración simple.
  - 1.1. Suxeito e predicado.
  - 1.2. Casos de omisión do suxeito.
  - 1.3. Predicados nominais e predicados verbais.
2. Complementos habituais na frase.
  - 2.1. Complementos do substantivo: nome e adxectivo.
  - 2.2. Complementos do verbo: directo, indirecto, circunstancial...
3. A concordancia.
  - 3.1. Suxeito e predicado.
  - 3.2. Substantivo e adxectivo.
  - 3.3. Substantivo e aposición.
  - 3.4. *Ad sensum*.
4. Revisión e afondamento na sintaxe casual.
  - 4.1. O nominativo.
  - 4.2. O vocativo.
  - 4.3. O acusativo.
  - 4.4. O xenitivo.
  - 4.5. O dativo.
  - 4.6. O ablativo.

#### ORACIÓN SIMPLES E COMPOSTAS. ORACIÓN INTERROGATIVAS DIRECTAS. A PROHIBICIÓN.

1. A oración simple e a oración composta.
2. A oración simple.
  - 2.1. Interrogativa directa.
  - 2.2. Expresión da prohibición.
3. A oración composta.
  - 3.1. Oracións coordinadas e xustapostas.
  - 3.2. Oracións subordinadas.

#### A COORDINACIÓN.

1. As conxuncións coordinantes.
2. Oracións coordinadas: copulativas, disxuntivas, adversativas, causais e ilativas.

#### A SUBORDINACIÓN. PROCEDEMENTOS DE SUBORDINACIÓN. ORACIÓN SUBSTANTIVAS, ADXECTIVAS E ADVERBIAIS.

1. A subordinación.
  - 1.1. Principais conxuncións subordinantes.
  - 1.2. O uso dos modos verbais.
  - 1.3. A *consecutio temporum*.
2. Oracións substantivas ou completivas.
  - 2.1. Oracións de infinitivo.
  - 2.2. Oracións en subxuntivo (*ut, ne...*).
  - 2.3. Oracións en indicativo (*quod*).

- 2.4. Oracións interrogativas indirectas.
3. Oracións adxectivas ou de relativo.
  - 3.1. Relación do pronome co antecedente.
  - 3.2. Adxectivas en indicativo e adxectivas en subxuntivo.
4. Oracións adverbiais ou circunstanciais.
  - 4.1. Finais, causais, consecutivas, condicionais, concesivas e comparativas.
5. O estilo indirecto.

#### FORMACIÓN DE PALABRAS LATINAS. COMPOSICIÓN E DERIVACIÓN.

1. Familias léxicas.
  - 1.1. Palabras simples.
  - 1.2. Palabras derivadas.
  - 1.3. Palabras compostas.

#### VOCABULARIO ESPECÍFICO DE ORIXE GRECOLATINA USUAL NAS DISCIPLINAS QUE SE ESTUDAN NO BACHARELATO.

1. Léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina.
  - 1.1. Léxico común.
  - 1.2. Campos semánticos da técnica.
  - 1.3. Léxico científico e dos diversos campos do saber.
2. Elementos morfolóxicos de orixe grecolatina.
  - 2.1. Prefixos e sufixos.
  - 2.2. Categorias gramaticais.
3. Formación de palabras: cultismos.
  - 3.1. Étimos gregos e latinos.
4. Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta.
  - 4.1. Locucións latinas.
  - 4.2. Linguaxe literaria, xurídica, científica.

#### OS XÉNEROS LITERARIOS LATINOS E A SÚA INFLUENCIA NAS MANIFESTACIÓNS POSTERIORES. A LITERATURA COMPARADA. O TEATRO ROMANO, A HISTORIOGRAFÍA, A ÉPICA, A POESÍA LÍRICA E ELEXÍACA, A ORATORIA E OUTROS XÉNEROS.

1. O teatro e principais xéneros.
  - 1.1. Orixe do teatro latino.
  - 1.2. Atelana, mimo, pantomima...
  - 1.3. Traxedia.
  - 1.4. Comedia: palliata, togata.
2. Historiografía.
  - 2.1. Analistas e historiadores.
  - 2.2. Grandes épocas e autores: César, Salustio, Livio, Tácito...
3. Épica.
  - 3.1. Influencias da épica de Homero.
4. Poesía lírica e elexíaca.
  - 4.1. Orixe e orixinalidade da poesía latina.
  - 4.2. Autores líricos: Catulo, Horacio.
  - 4.3. Elexíacos: Tibulo, Propercio.
5. Oratoria.
  - 5.1. Principais épocas.
  - 5.2. Marco Tulio Cicerón.
6. Outros xéneros.
  - 6.1. Didáctica.
  - 6.2. Epístolas.
  - 6.3. Novelas.
  - 6.4. Epigramas.
  - 6.5. Fábulas.

## 6.6. Sátiras.

EVOLUCIÓN E PERMANENCIA DO DEREITO ROMANO.

1. Fases do Dereito romano ao longo da historia de Roma.
2. Permanencia de fórmulas e usos do Dereito romano no Dereito actual.

O LEGADO DE ROMA EN HISPANIA E MÁIS CONCRETAMENTE EN GALICIA. VESTIXIOS EN DEPÓSITOS ARQUEOLÓXICOS E MUSEOS.

1. Permanencia de elementos artísticos de Roma en Hispania e especialmente en Galicia.
  - 1.1. Obras arquitectónicas, pictóricas e escultóricas.
2. Monumentos e obras de arquitectura técnica.
  - 2.1. Grandes obras de enxeñería.
  - 2.2. Portos, faros...
3. Museos e obras de estudosos.

### 3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A nota dos exames de avaliación obterase das probas de teoría (Roma e o seu legado), que conformará o 30% da nota, e dos exames de tradución realizados ao longo da avaliación. A nota dos exames de tradución obterase de sumar o 50% da análise morfosintáctica e o 50% da tradución.

■ **As probas extraordinarias** consistirán nunha tradución dun texto en prosa ou verso (60% da nota), una análise gramatical dun fragmento (10% da nota) e una pregunta teórica do apartado Roma e o seu legado (30% da nota).

As características da materia esixen un sistema de avaliación continua polo que non se establecerán probas de recuperación, tendo en conta os seguintes criterios:

-Tres avaliacións aprobadas: materia aprobada, coa nota media calculada, tendo máis peso a nota da última avaliación.

-Primeira avaliación suspensa, restantes aprobadas: materia aprobada coa nota media resultante.

-Tres, dúas ou terceira avaliación suspensas: recuperación de toda a materia.

No período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, organizarase a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

■ **Os alumnos de 2º de bacharelato con Latín I de 1º de Bacharelato pendente** no caso de que aproben a 1ª avaliación de Latín II de 2º de Bacharelato considerarase que teñen aprobado o Latín I pendente. De non aprobar, terán un exame no mes de Febreiro. O exame consistirá nunha análise morfosintáctica e nunha tradución, onde se recollan tódolos aspectos gramaticais da programación de Latín I. Quedarán excluídos os temas do apartado Roma e o seu legado, quedando limitadas as cuestións teóricas á gramática latina. O 50% da nota obterase da análise morfosintáctica, e o 50% restante da tradución.

### 4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

#### Aspectos xerais

No desenvolvemento desta materia, hase procurar un estudo que permita ao alumnado descubrir as posibilidades que ofrece a lectura de textos como fontes de información sobre a

Antigüidade. Os textos aproveitaranse, ao mesmo tempo, como base para o desenvolvemento da expresividade e a creatividade. É necesario tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe, co fin de mellorar e enriquecer a propia competencia comunicativa.

Propónse tamén como finalidade a ampliación do propio vocabulario e, consecuentemente, a mellora da comprensión e expresión do alumnado, mediante a realización de exercicios variados sobre léxico. Co estudo e a observación dos mecanismos de formación de palabras das linguas clásicas, o alumnado logrará aplicar os mesmos recursos ao estudo e manexo da súa lingua materna. Do mesmo xeito, e a través da lectura de textos específicos, poderá comprobar a procedencia clásica da maioría de termos relacionados cos distintos campos do saber humano.

O estudo da morfosintaxe latina enfocouse de forma funcional, de tal xeito que todo aquilo que o alumnado/a aprenda a recoñecer o aplique inmediatamente na tradución de textos latinos e na retroversión. Buscáronse diversos niveis de dificultade de forma que o alumnado vaian

profundando no seu estudo e comprensión, e apliquen os seus coñecementos na produción de textos, xa sexan traducións ou textos de creación propia.

Na presentación da cultura do mundo clásico, intervén tamén a observación de formas de organización social, política e relixiosa, así como o estudo dos principais aspectos históricos, culturais e artísticos da cultura latina. Preséntanse comparacións e contrastes deses aspectos, para comprender mellor a súa evolución e cómo se transformaron nas formas actuais de organización.

A materia desenvólvese tendo en conta a bagaxe cultural e lingüística do alumnado e coa pretensión de amosarlle novos patróns expresivos que amplíen as súas posibilidades de comunicación na sociedade. Terán especial importancia a linguaxe que se empregue e a calidade e adecuación dos textos que se utilicen na clase, tanto os pertencentes á cultura latina coma os textos actuais que se introduzan para establecer as comparacións oportunas.

Ao mesmo tempo, débese cultivar o aprecio polas diferentes culturas e linguas, e o respecto pola realidade plurilingüe e pluricultural de España como produto directo da presenza e permanencia da cultura latina.

### **Orientacións específicas**

Os libros de Latín presentan unha metodoloxía específica común ao longo dos dous cursos, que se manifesta na súa estrutura.

Cada libro está estruturado en unidades didácticas que á súa vez se estruturan en tres grandes bloques: A lingua latina, Do latín ao romance e Cultura. Esta división é flexíbel a xuízo do profesorado e segundo o proceso de aprendizaxe do alumnado.

A unidade didáctica comeza coa mención das capacidades que o alumnado terá desenvolvido ao finalizar a unidade, seguidas dun esquema que presenta os contidos que se van traballar e que permitirán acadar eses obxectivos ou capacidades. Inmediatamente despois, preséntanse unha serie de actividades que poden considerarse como previas á totalidade da unidade e que presentan gran diversidade: preguntas directas sobre aspectos lingüísticos da lingua materna que servirán de punto de apoio para a comprensión das estruturas latinas; propostas de investigación sobre aspectos culturais...

Seguidamente, a unidade presenta os eixes da materia, que se estruturan segundo o proceso das secuencias de aprendizaxe.

No bloque de Lingua latina ofrécense de forma funcional os contidos morfolóxicos e sintácticos que lle permitirán ao alumnado un progresivo coñecemento das estruturas sintácticas latinas (desde a oración simple ata a composta), coa proposta de actividades de aplicación. Estas, a grandes trazos, son:

- Declinación das palabras variabeis e aprendizaxe das invariabeis e as súas funcións.
- Formación de formas verbais da voz activa e da voz pasiva.
- Actividades de tradución de frases e, posteriormente, textos, partindo sempre dun modelo analizado e resolto.
- Exercicios de retroversión, seguindo a mesma pauta anterior.

Todo isto acompañado sempre da comparación con fenómenos e estruturas da lingua materna que garanten o afianzamento dos coñecementos.

No eixe de Do latín ao romance propóñense contidos e exercicios destinados a observar e comprender cómo a evolución do latín, cos diversos factores que a acompañan, deu lugar ás linguas románicas, centrándose na lingua materna. Así mesmo, estúdanse as grandes fases de formación da lingua castelá e galega.

Por último, no bloque de Cultura (cultura e literatura en segundo) ofrécense os contidos relacionados coa cultura xeral, institucións, costumes, a vida cotiá... Posteriormente, traballaranse os contidos referidos á literatura latina, partindo de textos e baseándose na comparación dos seus trazos predominantes que pasaron ás nosas literaturas e perduran na actualidade

## **Procedementos**

INTERPRETACIÓN DE TEXTOS LATINOS. TÉCNICAS DE TRADUCIÓN. ANÁLISE MORFOSINTÁCTICA. USO CORRECTO DO DICCIONARIO .

### **1. Lectura de textos.**

- 1.1. Segmentación de textos en períodos oracionais completos.
2. Localización e análise dos constituíntes da oración.
  - 2.1. Diferenciación entre oracións simples e compostas.
  - 2.2. Localización dos núcleos oracionais principais.
3. Identificación da concordancia dos elementos da frase.
  - 3.1. Recoñecemento das relacións entre os elementos da oración.
  - 3.2. Establecemento de relacións entre os núcleos verbais e os seus complementos.
4. Ordenación e xerarquización de oracións principais e subordinadas.
  - 4.1. Comprensión das relacións temporais e modais.
5. Tradución de frases e textos.
6. Uso axeitado e correcto do dicionario latino e outras fontes de información.

ESTUDO SINTÁCTICO COMPARATIVO ENTRE UN TEXTO ORIXINARIO E A SÚA TRADUCIÓN.

1. Lectura e análise morfosintáctica do texto orixinario.
2. Tradución literal do texto latino.
3. Análise morfosintáctica da tradución do texto latino.
4. Comparación e contraste entre ámbolos textos.
  - 4.1. Identificación de estruturas similares.
  - 4.2. Recoñecemento das variacións producidas nas estruturas sintácticas.
  - 4.3. Comparación dos valores semánticos das palabras en ámbolos textos.

ACHEGAMENTO AO CONTEXTO HISTÓRICO, SOCIAL E CULTURAL DOS TEXTOS INTERPRETADOS.

1. Lectura comprensiva dos textos.
  - 1.1. Identificación de ideas e elaboración de resumos e esquemas.
2. Lectura analítica dos textos.
  - 2.1. Identificación da estrutura do texto e da súa tipoloxía.
  - 2.2. Contextualización: época, autor, tema...
  - 2.3. Análise de temas e trazos principais.
3. Lectura interpretativa.
  - 3.1. Emisión de xuízos persoais.
  - 3.2. Posta en común e contraste.
4. Utilización dos textos como fonte de información sobre o pensamento, os costumes e os valores da sociedade e cultura latinas.

CARACTERÍSTICAS MORFOSINTÁCTICAS DOS TEXTOS NOS DIFERENTES XÉNEROS LITERARIOS TRADUCIDOS.

1. Lectura comprensiva de textos literarios de diversa tipoloxía.
  - 1.1. Consulta de dicionarios e doutras fontes de información.

- 1.2. Identificación e anotación dos trazos principais.
- 1.3. Elaboración de resumos e esquemas.
2. Lectura analítica dos textos.
  - 2.1. Identificación do xénero literario.
  - 2.2. Análise de temas e características principais.
  - 2.3. Resumo do argumento.
  - 2.4. Localización e interpretación de recursos estilísticos.
  - 2.5. Contextualización.
3. Lectura interpretativa.
  - 3.1. Emisión de xuízos persoais.
4. Delimitación dos trazos que presenta cada un dos xéneros estudados

#### FORMACIÓN DE PALABRAS LATINAS. COMPOSICIÓN E DERIVACIÓN.

1. Identificación e distinción de palabras simples, compostas e derivadas.
2. Recoñecemento de lexemas e morfemas derivativos: sufixos.
  - 2.1. Formación de palabras mediante a derivación.
  - 2.2. Identificación de palabras primitivas e derivadas.
  - 2.3. Clasificación de palabras derivadas segundo cambios de categoría gramatical.
  - 2.4. Identificación dos principais sufixos derivativos.
3. Observación e descrición dos principais métodos usados na composición de palabras.
  - 3.1. Identificación das principais categorías que interveñen na composición.
  - 3.2. Discernimento e comprensión do significado achegado polos prefixos na composición de palabras.
4. Comparación dos mecanismos de derivación e composición latinos e os das linguas de uso.
  - 4.1. Comprobación dos sufixos e prefixos que tomaron as linguas de uso.
  - 4.2. Observación da evolución deses elementos.
  - 4.3. Comprobación da permanencia de cultismos.

#### APRENDIZAXE DE VOCABULARIO ESPECÍFICO DE ORIXE GRECOLATINA USUAL NAS DISCIPLINAS QUE SE ESTUDAN NO BACHARELATO. EXPRESIÓNS LATINAS INCORPORADAS Á LINGUAXE HABITUAL E CULTA.

1. Identificación de prefixos, sufixos e étimos grecolatinos habituais nas linguas de uso.
  - 1.1. Elaboración de ficheiros, listas e outros medios de apoio para recoller os principais prefixos, sufixos e étimos.
  - 1.2. Clasificación deses elementos segundo a súa orixe: latinos ou gregos.
  - 1.3. Comprensión do significado.
  - 1.4. Indución do significado de palabras das linguas de uso segundo o elemento grecolatino presente na súa formación.
2. Análise de helenismos e latinismos habituais nas materias de estudo do Bacharelato.
  - 2.1. Localización e contextualización dos vocábulos.
  - 2.2. Clasificación das palabras por campos e ámbitos do saber.
  - 2.3. Recoñecemento e comprensión de vocábulos, expresións, locucións...

#### A LECTURA COMPRENSIVA DE OBRAS OU TEXTOS TRADUCIDOS.

1. Selección de textos clásicos sobre temas culturais tratados na clase.
2. Comprensión dos textos seleccionados.
  - 2.1. Localización do vocabulario descoñecido.
  - 2.2. Contextualización da obra.
  - 2.3. Análise das ideas principais.
  - 2.4. Conclusión personalizada das ideas e contraste das mesmas.



3. Elaboración de resumos e fichas de obras.
  - 3.1. Lectura e extracción das ideas esenciais.
  - 3.2. Comentario e contraste.
  - 3.3. Redacción conxunta de tódalas ideas extraídas incorporando os elementos de cohesión precisos

#### ANÁLISE DE TEXTOS.

1. Lectura comprensiva de textos literarios de diversa tipoloxía.
  - 1.1. Consulta de dicionarios e doutras fontes de información.
  - 1.2. Identificación e anotación dos trazos principais.
  - 1.3. Elaboración de resumos e esquemas.
2. Lectura analítica dos textos.
  - 2.1. Identificación do xénero literario.
  - 2.2. Análise de temas e características principais.
  - 2.3. Resumo do argumento.
  - 2.4. Localización e interpretación de recursos estilísticos.
  - 2.5. Contextualización.
3. Lectura interpretativa.
  - 3.1. Emisión de xuízos persoais.
4. Delimitación dos trazos que presenta cada un dos xéneros estudados.
  - 4.1. Tratamento de temas, de personaxes e de situacións.
  - 4.2. Relación existente entre o xénero literario e a situación histórica, social e cultural na que se produciu.
5. Comparación de temas e características xerais das obras literarias clásicas e as producións posteriores e contemporáneas.
  - 5.1. Comentario e contraste de trazos similares e diferenciadores.
  - 5.2. Observación da evolución de determinados trazos.

#### COMENTARIO DE TEXTOS. OS TEXTOS COMO FONTE DE DATOS.

1. Lectura comprensiva de textos.
  - 1.1. Comprensión e explicación de vocábulos e expresións.
  - 1.2. Recoñecemento e estruturación de ideas e parágrafos.
2. Localización.
  - 2.1. Establecemento de relacións entre a obra e o contexto no que se produciu.
  - 2.2. Situación da obra ou texto na traxectoria do autor/a.
  - 2.3. Identificación do xénero e o subxénero.
3. Determinación do tema.
  - 3.1. Resumo do asunto do texto.
  - 3.2. Establecemento do tema principal.
  - 3.3. Identificación do tratamento recibido polo tema.
  - 3.4. Discernimento e comparación do tratamento do mesmo tema en épocas distintas.
  - 3.5. Recoñecemento do tratamento do tema en relación coa intención e a situación do autor/a.
4. Distinción da estrutura do texto segundo o xénero ao que pertence: poético, historiográfico...
  - 4.1. Identificación e comprensión de elementos estruturais: personaxes, espacio-tempo...
5. Análise da forma a partir da determinación do tema e da estruturación das súas partes.
  - 5.1. Análise e interpretación dos principais recursos estilísticos empregados.
  - 5.2. Análise morfosintáctica, léxica e semántica.
6. Establecemento de conclusións e xuízos persoais sobre a obra ou texto lido.
7. Redacción ou exposición dos resultados obtidos por medio do comentario.

#### LECTURA DE TEXTOS CLÁSICOS SOBRE A ROMANIZACIÓN DE HISPANIA.

1. Comprensión de textos clásicos de diversa tipoloxía (teatro, historia...) que acheguen datos sobre a Hispania do momento.
  - 1.1. Identificación das ideas principais.
  - 1.2. Contextualización do texto.
  - 1.3. Conclusión personalizada das ideas do texto.
2. Utilización de estratexias para resolver dúbidas na comprensión do texto e ampliar coñecementos sobre temas determinados.
  - 2.1. Uso e manexo do dicionario.
  - 2.2. Uso da biblioteca e das fontes de información que ofrece.

## 5.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- A. Libro de traballo para o alumnado: LATÍN 2, edit. Anaya
- B. Dicionario de latín, editorial VOX. De uso obrigatorio en 2º de bacharelato.
- C. Libros de apoio didáctico:
  - ROMERO BARRANCO, C.: Clasicard. Declinaciones, flexiones y reglas de latín y griego, ed. Castellnou, Barcelona, 1995.
  - AGUADO, R. et al.: Raíces latinas de la lengua y la cultura hispánicas. M.E.C., Dirección General de Renovación Pedagógica, Vicens Vives, 1987.
  - BICKEL, E.: Hª de la literatura romana, Gredos, Madrid, 1987.
  - FERRO RUIBAL, X., et al.: De onte a Hoxe. Latín II. Xerais, Vigo 1991.
  - KENNEY, E.J. & CLAUSEN, W.V. (ed.): Hª da literatura clásica de Cambridge. Literatura latina, vol. II, Gredos, Madrid, 1989.
  - VV.AA.: Materiales didácticos. Latín. Ministerio de Educación y Ciencia, Dirección General de Renovación Pedagógica, 1993.
- D. A lingua latina e os textos:
  - RUBIO FERNÁNDEZ, L.; GONZÁLEZ ROLÁN, T.: Nueva gramática latina. Coloquio, Madrid, 1985.
  - VALENTÍ FIOL, E.: Gramática latina. Bosch, Barcelona, 1982.
- E. O léxico latino e a súa evolución:
  - BLÁNQUEZ FRAILE, A.: Dicionario latino-español. Sopena, Barcelona, 1966.
  - COROMINAS, J.: Breve diccionario etimológico de la lengua castellana. 3ª ed. Gredos, Madrid, 1973.
  - GARCÍA DE DIEGO, V.: Dicionario latino-español, español-latino, Bibliograf, Barcelona, 1964.
  - HERRERO LLORENTE, V.J.: Dicionario de expresiones y frases latinas. 3ª ed., Gredos, Madrid, 1992.
  - MATEOS MUÑOZ, A.: Etimologías latinas del español. Esfinge, México, 1988.
  - VALENTÍ FIOL, L.E.: Aurea dicta. Crítica, Barcelona, 1987.
- F. Roma e o seu legado:
  - ALBERICH, J. et al.: Griegos y romanos, Alhambra, Madrid 1988.
  - ARIAS VILAS, F.: A romanización de Galicia, A nosa terra, Vigo, 1992.
  - CAAMAÑO GESTO, X.M.: As vías romanas, Museo do Pobo Galego, Santiago, 1984.
  - CALO LOURIDO, F.: A cultura castrexa, A nosa terra, Vigo, 1993.
  - CARBALLO ARCEO, L.X.: Catálogo dos materiais arqueolóxicos do museu do Castro de Santa Tegra: Idade de ferro, Excma. Dip. Prov. Pontevedra, 1983.
  - ESPINÓS, J.: Así vivían los romanos. Anaya, Madrid, 1988.
  - FINLEY, M.I. (ed.): El legado de Grecia. Una nueva valoración, Crítica, Barcelona, 1989.
  - GRIMAL, P.: Dicionario de la mitología griega y romana. Paidós, Barcelona, 198

## **CONSIDERACIÓNS XERAIS**

### **1.- OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

#### **1.1. CRITERIOS DE CORRECCIÓN DE EXERCICIOS E PROBAS**

##### **PRESENTACIÓN**

Faltas de ortografía, limpeza, borranchos, caligrafía e respecto polas marxes. Poderase baixar puntos por cada un dos elementos considerados na presentación

##### **EXACTITUDE DA RESPOSTA**

Terase en conta o rigor na resolución das actividades (denotante de corrección na indagación, estudo e asimilación dos datos)

##### **EXPRESIÓN**

Valorarase a correcta utilización da lingua vehicular, tendo en conta a riqueza léxica e semántica usada nas respostas. Este criterio establécese de forma positiva: unha mellor expresión significará unha maior valoración na proba ou traballo

##### **DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO OU PRÁCTICA**

Resolución axeitada en tempo e forma. Sobre unha nota de 10 valorarase cada unha das preguntas do seguinte xeito, comunicándollo a cada alumno/a antes do comenzo do exercicio no mesmo folio da proba:

- 1.- Declinacións : 2 puntos
- 2.-Morfosintaxe verbal: 2 puntos
- 3.-Latinismos ou helenismos: 1,5 puntos
- 4.-Vocabulario culto: 1 punto
- 5.-Análise sintáctica e tradución: 3,5 puntos

#### **1.2. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DAS ACTITUDES**

##### **PUNTUALIDADE E ASISTENCIA**

Asiste con regularidade e é puntual.

##### **RESPECTO AOS COMPAÑEIROS/AS E AO PROFESOR/A**

É respectuosa/o e educada/o coas compañeiras/os e co profesorado. Non ten faltas de orde nos partes de clase.

##### **LIMPEZA E ORDE EN EXERCICIOS, TRABALLOS...**

Entrega ou fai os exercicios ou probas con limpeza e orde. É ordenada/o cos traballos ou caderno de clase.

##### **INTERESE POLA MATERIA**

Participa con regularidade e/ou fai preguntas.

##### **RESPECTO ÁS NORMAS DE USO E UTILIZACIÓN DE RECINTOS E MATERIAIS**

Coñece e respecta as normas de uso e utilización de recintos e materiais.

##### **ESPÍRITO CRÍTICO**

É crítica/o nas súas valoracións dun xeito constructivo.

#### **1.3. CRITERIOS/FÓRMULA PARA CALCULAR A NOTA FINAL DA MATERIA**

Nota final igual a nota da 3ª avaliación xa que non se elimina materia e a avaliación é continua. Poderá ser maior se o alumnado mantivo unha progresión nas notas das tres avaliacións e inferior se é ao contrario.

## **2.- TRATAMENTO DO ALUMNADO QUE PERDE O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA**

A non asistencia regular ás clases implicará a **perda do dereito á avaliación continua** e aos criterios xerais de avaliación anteriormente expostos tal e como está establecido no Regulamento de Réxime Interna. Estes alumnos e/ou alumnas só terán dereito a presentarse ás probas extraordinarias de xuño e/ou setembro e, asemade, non estarán eximidos de faceren e entregaren todas as actividades teóricas e prácticas necesarias para superar positivamente a materia a finais de curso.

Na programación de aula especificaranse os criterios específicos en relación cos contidos dos diversos bloques temáticos. Na homoxeneización dos criterios de avaliación especificanse os aspectos relativos á configuración da nota.

## **3.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, DE REFORZO E APOIO**

No caso do Bacharelato é un lugar común o recoñecemento de que nunha lingua é imposible calquera avance significativo sen deixar abondo afianzados os contidos previos necesarios para cada paso. Por iso:

-Entendemos que a superación dos obxectivos dun exercicio implica a superación dos anteriores, en base ao principio da avaliación continua.

-Agora ben, para aqueles alumnos e alumnas que presenten algunha distorsión na súa aprendizaxe, estableceremos liñas paralelas de actuación (con exercicios específicos, apoios no estudo, etc.) a fin de cimentar e profundizar os obxectivos mínimos. Intentarase nestes casos variar, sempre que sexa posíbel, os recursos e materiais didácticos, consonte a os seus intereses, para intentar facerlles máis atractiva a materia.

-Pretendemos un seguimento personalizado destes alumnos ou alumnas aos que se lles subministrarán os exercicios suplementarios que o Departamento fixe.

-Os exames da convocatoria extraordinaria ou calquera outro que se marque como recuperación responderán ao esquema proposto anteriormente para os exames ordinarios.

## **4.- PROCEDIMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS**

Na materia de 2º curso de bacharelato, Latín II, débese levar a cabo nas primeiras sesións de clase un procedemento de acreditación de coñecementos previos da materia ó mesmo tempo que se realiza unha avaliación inicial.

É moi importante este procedemento para saber de que nivel de coñecementos partimos, e poder recordar e afianzar diferentes coñecementos adquiridos xa en 1º curso de bacharelato.

Os alumnos de 2º curso de bacharelato deben acreditar os coñecementos dos contidos mínimos esixidos para superar satisfactoriamente o 1º curso de bacharelato. Pódense resumir nos seguintes puntos:

- As declinacións
- A conxugación verbal dos verbos regulares e do verbo copulativo.
- A morfoloxía pronominal.
- Análise sintáctica e comprensión de textos latinos e gregos sinxelos.

- Familias léxicas regulares e irregulares en latín, e en grego helenismos.

Para comprobar a adquisición destes coñecementos básicos do nivel esixido para realizar o 2º curso de bacharelato realizaránse probas escritas (exercicios, controis, test....) a nivel individual e colectivo para a toda clase en conxunto.

## **OBSERVACIÓNS XERAIS**

### **1. ASPECTOS RELATIVOS Á AVALIACIÓN, COMÚNS A TODAS AS MATERIAS DO DEPARTAMENTO.**

#### **1.1- Tipoloxía**

No que toca ao proceso de avaliación, cómpre primeiro poñelo en coñecemento do alumnado, para que dende un principio sexan conscientes de que, como e cando se vai avaliar ao longo do curso. Tomaranse como referentes os obxectivos xerais da etapa e os criterios e estándares de avaliación, relacionándoos coas competencias clave.

Os tipos de avaliación que terán lugar no proceso descrito son:

- **Inicial:** pretende recoller o maior número de datos sobre o alumnado e os seus coñecementos previos, motivación, capacidades, situación persoal, etc. e así orientar axeitadamente o proceso educativo. Realízase mediante un turbillón de ideas, lecturas de textos, debates curtos, sondaxe sobre os coñecementos previos tanto de tipo lingüístico como cultural (principalmente estes últimos).

- **Procesual e formativa:** permite observar se as actividades ou os demais elementos curriculares son adecuados para asimilar os contidos previstos e para alcanzar os obxectivos marcados. Non se terá só en conta unha proba puntual senón que a través da observación na aula e recollida de datos en listas de control, os traballos dos alumnos, a súa participación na aula, as súas achegas de ideas, o seu desenvolvemento da capacidade crítica, o seu interese, etc. poderase determinar a evolución do alumno e efectuar modificacións se fosen necesarias. Os instrumentos de avaliación aos que aquí se fai alusión e a porcentaxe concedida á proba é ao proceso un están recollidos no apartado criterios de cualificación desta programación. Haberá tres momentos fundamentais que coincidirán coas sesións de avaliación ao remate de cada trimestre.

- **Final e sumativa:** a base para o establecemento da cualificación que o alumnado recibirá nas distintas materias. Nela comprobarase se se acadaron os requisitos mínimos esixidos para a superación destas, atendendo á adquisición duns contidos e dunhas competencias clave e ao desenvolvemento duns hábitos e técnicas de traballo e dunha sensibilización ante os valores procurados. Teremos moi en conta o punto do que cada estudante partiu e o punto ao que chegou.

#### **1.2- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. CONSIDERACIÓNS XERAIS.**

##### **1.2.1. CRITERIOS DE CORRECCIÓN DE EXERCICIOS E PROBAS**

###### **PRESENTACIÓN**

Faltas de ortografía, limpeza, borranchos, caligrafía e respecto polas marxes. Poderase baixar puntos por cada un dos elementos considerados na presentación

###### **EXACTITUDE DA RESPOSTA**

Terase en conta o rigor na resolución das actividades (denotante de corrección na indagación, estudo e asimilación dos datos)

#### EXPRESIÓN

Valorarase a correcta utilización da lingua vehicular, tendo en conta a riqueza léxica e semántica usada nas respostas. Este criterio establécese de forma positiva: unha mellor expresión significará unha maior valoración na proba ou traballo

#### DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO OU PRÁCTICA

Resolución axeitada en tempo e forma. Sobre unha nota de 10 valorarase cada unha das preguntas segundo a súa importancia, característica que se lle comunicará a cada alumno/a antes do comenzo do exercicio, ben oralmente ou ben no mesmo folio da proba.

### 1.2.2. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DAS ACTITUDES

#### PUNTUALIDADE E ASISTENCIA

Asiste con regularidade e é puntual.

#### RESPECTO AOS COMPAÑEIROS/AS E AO PROFESOR/A

É respectuosa/o e educada/o coas compañeiras/os e co profesorado. Non ten faltas de orde nos partes de clase.

#### LIMPEZA E ORDE EN EXERCICIOS, TRABALLOS...

Entrega ou fai os exercicios ou probas con limpeza e orde. É ordenada/o cos traballos ou caderno de clase.

#### INTERESE POLA MATERIA

Participa con regularidade e/ou fai preguntas.

#### RESPECTO ÁS NORMAS DE USO E UTILIZACIÓN DE RECINTOS E MATERIAIS

Coñece e respecta as normas de uso e utilización de recintos e materiais.

#### ESPÍRITO CRÍTICO

É crítica/o nas súas valoracións dun xeito constructivo.

**\*Nota bene:** As consideracións específicas para as distintas materias do departamento aparecen especificadas nos apartados correspondentes de cada materia.

### 1.3- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A finalidade da avaliación inicial é coñecer e axustar as condicións de ensino-aprendizaxe de cada grupo, co fin de obter un rendemento adecuado. Non conleva emitir cualificación para o alumnado.

Ao inicio de curso farase unha avaliación inicial que terá por obxecto proporcionar información sobre a situación do alumnado a través dos seguintes instrumentos e procedementos de valoración:

- Cuestionario relativo ás motivacións para cursar as materias, as súas expectativas, os seus coñecementos xerais sobre o mundo clásico e o seu dominio de recursos das TIC.

- Observación das súas primeiras tarefas para coñecero nivel morfosintáctico que teñen noutras linguas, a riqueza ou pobreza do seu vocabulario e os contidos sintácticos previos, xa estudados nas linguas galega e castelá. Isto aplicarase, sobre todo, en Latín de 4º ESO e Latín I de 1º de Bacharelato.

- **En LATÍN I de 1º de Bacharelato** a tipoloxía do alumnado pode ser diversa: alumnas e alumnos que nunca cursaron a materia, outros procedentes do latín de 4º de ESO, tanto do propio centro como doutros adscritos a este. Ante tal variedade, considérase fundamental a realización, nos comezos do curso do seguinte procedemento:

- Unha enquisa, no caso de ter cursado o Latín en 4º de ESO, na que se precisen os contidos nos que se fixo máis fincapé e ata que niveis se chegou nas explicacións no que se refire aos estándares morfosintácticos.

- No caso de non ter cursado a materia seguirase o procedemento arriba mencionado.

Con este proceso conséguese detectar a diversidade existente na aula, deixando constancia na ficha individual de cada alumno/a de o grao de coñecementos previos en cultura clásica e léxico e, sobre todo, en morfoloxía e en sintaxe e as destrezas adquiridas en cursos anteriores.

No que respecta aos contidos sintácticos previos, proporcionaranse ao alumnado que o precise unhas liñas básicas ao comezo de cada unidade para que, recuperando ou reforzando os coñecementos das súas propias linguas, poidan acercarse de xeito máis doado á latina.

- **En LATÍN II de 2º de Bacharelato**, o procedemento de acreditación de coñecementos previos xa foi especificado no apartado correspondente.

### **Valoración dos resultados:**

Neste curso 2021/22, unha vez feitas as correspondentes probas de avaliación inicial e avaliados os resultados, detéctase que o alumnado de Cultura Clásica de 3º de ESO, ao non ter dado nunca a materia, posúe uns coñecementos moi xerais da civilización grecolatina, agás nos aspectos relacionados coa mitoloxía.

O alumnado de 4º de ESO que deu Cultura Clásica en 3º, ten unhas nocións xerais acerca dos diversos aspectos da civilización romana. En xeral, todos teñen coñecemento das nocións máis básicas de morfoloxía e sintaxe dentro das linguas modernas que manexan.

A maioría do alumnado de 1º e 2º de Bacharelato, aínda que xa ten adquirida a base da materia por ter cursado Latín o ano anterior, faise preciso facer unha revisión e repaso de contidos, especialmente dos lingüísticos.

Debemos resaltar que en 2º de Bacharelato hai alumnos que non cursaron Latín en 1º de Bacharelato polo que as nocións previas da materia son nulas, o que fai máis necesario un periodo inicial do curso centrado na adquisición dos contidos relacionados coa morfosintaxe latina.

### **1.4- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.**

No curso 2021-2022 contéplanse no que respecta ás materias pendentes os seguintes supostos:

- Non hai alumnado de 4º de ESO coa materia pendente de Cultura Clásica de 3º ESO.

- Hai varios alumnos de 2º de Bacharelato co Latín I de 1º Bacharelato.

**O procedemento de recuperación** xa foi detallado no apartado correspondente desta programación (Vid. páxina 61).

O seguimento será doado, pois a profesora terá contacto continuado con eles xa que será quen imparta a materia de Latín II en 2º de Bacharelato. Ademais, tendo en conta que esta materia ten na súa base afondar nos coñecementos básicos previos xa adquiridos en Latín I, todo o traballo que se faga na clase no día a día servirlle para asentar e reforzar os contidos relativos á morfoloxía, sintaxe e textos latinos.

■ **Alumnos que repiten curso (Cultura Clásica 3º ESO, Latín 4º ESO, Latín I 1º Bacharelato):** superasen ou non a materia no ano anterior, deberán cursalas nas mesmas condicións que os alumnos matriculados nela por primeira vez. Tratarase na medida do posible de adaptar o traballo persoal e os contidos ás súas necesidades, de xeito que non repitan conceptos xa asimilados.

## **2.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

**A LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación** establece a atención á diversidade como principio básico do sistema educativo para atender a unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. Xa que logo, trátase de responder axeitadamente ás demandas educativas que a diversidade dos alumnos e alumnas requiren, sin ningún tipo de exclusión.

A atención á diversidade comporta a esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis do sistema educativo. Trátase de conseguir que todos os cidadáns acaden o máximo desenvolvemento posible de todas as súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais para o que necesitan recibir unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades. Ao mesmo tempo débese garantir unha igualdade efectiva de oportunidades, prestando os apoios necesarios, tanto ao alumnado que o requira como aos centros nos que están escolarizados.

A axeitada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social.

Apoiándonos nesta lei, os alumnos con necesidades educativas especiais, **sobredotación intelectual, TDA, TDAH, Asperger, discapacidade intelectual, discapacidade motora, problemas de audición ou visión, problemas de conduta e alumnado procedente do estranxeiro** que requiran, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e en particular o que se refire á avaliación, determinados apoios e atencións educativas específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta, terán unha atención especializada, de acordo cos principios de non discriminación e normalización educativa, e coa finalidade de conseguir a súa integración.

Neste departamento faise unha avaliación inicial nos primeiros días do curso académico para detectar algunha necesidade académica das mencionadas. E logo coa colaboración do departamento de Orientación trabállase para acordar unhas pautas de actuación acordes a cada caso.

No caso de alumnado con TDA e TDAH vanse adoptar as seguintes estratexias:

-Colocalo na primeira fila da clase e revisar a organización do material escolar no pupitre.



- Supervisar a diario a realización das tarefas para reconducir ou para reforzar positivamente.
- Procurar que axude a outros con máis dificultades ca el para estimúlalo.
- Potenciar a aprendizaxe cooperativa.
- Implicar a este alumno promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Que os exames escritos sexan curtos, con preguntas breves e claras. Completándoos con probas orais. Ter en conta o traballo e esforzo diario.
- Obrigatorio uso da axenda para rexistrar as tarefas, probas e traballos pendentes.
- Ignorar as chamadas de atención para que non sirvan de escusa para non prestar atención á marcha da clase.

- Permitir momentos de descanso, encargándolle alguna tarefa rutinaria ao marxe da académica (borrar o encerado, ir buscar un libro, fotocopias....)

No caso de alumnado con sobredotación intelectual vanse adoptar as seguintes estratexias:

- Tentar que realice a programación da materia, e, ademais encargarlle algún traballo a maiores que poida expoñer oralmente aos demais compañeiros.
- Encargarlle tarefas a nivel particular para estimúlalo e que non se aburra.
- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, podendo axudar aos seus compañeiros que teñan dificultades de aprendizaxe.
- Que os exames escritos sexan adaptados á súa capacidade, podendo esixirle alguna dificultade máis cós seus compañeiros.
- Valoralo sempre positivamente sin recriminarlle alguna actitude acerca da materia, sempre que non sexa molesta.

No caso de alumnado con ASPERGER vanse adoptar as seguintes estratexias:

- Darlle tempo para organizar libros, bolígrafos, materiais....evitando sempre a presión.
- Supervisar con frecuencia a realización das tarefas.
- Facer o posible para que entenda a marcha da clase, facéndolle preguntas sobre o que se vai facer, combinando as instrucións verbais con demostracións, xestos e instrucións escritas, facendo que demostre que entendeu o que se debe facer.
- Se é preciso, repetir a mensaxe a el persoalmente.
- Reforzo positivo sempre ante os pequenos acertos e éxitos.
- Supervisar con frecuencia o traballo, revisando as tarefas para proporcionar seguridade no alumno. Sempre que sexa posible organizarlle o traballo detalladamente.
- En caso de maiores dificultades, buscar a colaboración dun compañeiro responsable para que lle axude a comprender as tarefas.
- As probas escritas poden ser completadas co uso dun ordenador, en caso de letra ilexible.
- Á hora de avaliar ter en conta o esforzo e traballo diario.

### 3.-TEMAS TRANSVERSAIS

Pola súa propia natureza hai unha serie de temas transversais que resultan cómodos para abordarmos dende un punto de vista exclusivamente "clásico". Sen embargo, este Departamento prevé a súa inclusión só en puntos moi concretos e sempre perfectamente relacionados coas características culturais dos textos que en cada caso se traduzan, e se a receptividade do alumnado se amosa permeábel a eles. Son os seguintes:

**-Educación para a Paz e Educación moral e cívica:** o alumnado de Bacharelato terá ocasión, no primeiro trimestre, de comprobar que o mundo clásico adoecía dos mesmos

problemas bélicos que o actual, adentrándose en formas de civilización baseadas moitas veces na guerra. Tamén se pode plantexar este tema cando se trata o tema do Dereito Romano.

**-A Educación de igualdade de sexos:** será unha constante de todo o curso, aínda que se tratará máis polo miúdo cando se aborde o mundo da muller da sociedade clásica, o tema do matrimonio e a educación en Roma.

**-A Educación ambiental:** ó mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coas culturas clásicas, promóvese o compromiso persoal para a conservación e o respecto de toda pegada do mundo clásico no ambiente natural. Este tema está relacionado co tema de cultura clásica de vías de comunicación (calzadas romanas), moeda, edificios públicos....

**-A Educación para o lecer:** cando se trata o tema do tempo libre en Roma, ocio e deportes.

#### **4.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

Este departamento considera as actividades complementarias e extraescolares fundamentais para o desenvolvemento integral dos alumnos. A organización das mesmas contará sempre cun criterio pedagóxico e cunha preparación previa, co fin de que os alumnos poidan aproveitar mellor as saídas.

Neste curso 2021/22 a actual situación sanitaria derivada da pandemia de COVID-19, impídenos neste momento coñecer con seguridade se ao longo do curso as circunstancias van permitir leva a cabo algunhas destas actividades. Mesmo, se os organizadores de algunha delas teñen previsto desenrolalas, dadas as restriccións de aforo nos espazos onde se puidesen levar a cabo.

Sempre e cando a situación sanitaria o permita, este departamento de Latín programa unha actividade para que o alumnado a él adscrito acuda a unha representación de teatro clásico, que organiza a Sociedade de Estudos Clásicos de Galicia dentro do **Festival de teatro grecolatino de Lugo-Ourense-A Coruña-Tui**, que se vén celebrando estes últimos anos durante os meses de febreiro e/ou marzo.

No caso de acudir ao auditorio municipal de Ourense, aproveitarase esta viaxe para visitar as termas e coñecer restos culturais clásicos na zona.

**Vigo romano**, onde poderemos entrar en contacto cos restos arqueolóxicos da cidade situados en **O Castro**, na **Villa Romana de Toralla**, no Centro Arqueolóxico do Areal (**Salinae**), na Sala de Arqueoloxía do **Museo Quiñones de León...**

Tratarase, ademais, de preparar visitas didácticas a algún dos seguintes museos para coñecer os seus distintos fondos arqueolóxicos:

1. Museo provincial de Lugo.
2. Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo).
3. Museo Arqueolóxico de Cambre (A Coruña).
4. Visita ás Medulas, situadas ó sur do Barco de Valdeorras, que foi una explotación mineira aurífera importante para os romanos. Hoxe é un dos mellores centros arqueolóxicos romanos para visitar con rutas por dentro das galerías conservadas, e museos arqueolóxicos de gran valor. Esta visita pódese organizar conxuntamente co departamento de Bioloxía e Xeoloxía para fomentar o carácter interdisciplinar entre

estas materias. Aproveitando esta viaxe cabe a posibilidade de visitar tamén a Serra da Lastra, unha canteira e unha empresa de lousas, e a Casa-Museo de Otero Pedraio en Traslaba.

5. Visita ao parque arqueolóxico de San Cibrao de Las (San Amaro - Punxín, Ourense).

■ A maiores, non se descarta a asistencia a outros eventos que se organicen en relación ás materias dependentes deste departamento, tales como charlas relacionadas coas materias, que adoitan organizar entidades como a USC.

## **5.- CRITERIOS DE ACTUACIÓN E METODOLOXÍA ANTE UNHA POSIBLE SUSPENSIÓN DE CLASES DURANTE O CURSO 2021/22 OU CASOS DE ALUMNADO QUE DEBA GARDAR CORENTENA.**

Debido a actual situación sanitaria derivada da pandemia de COVID-19, non sería descartable que nalgún momento ao longo do curso fose decretada polas autoridades competentes unha suspensión de clases. Neste suposto proseguiríase coa marcha do curso de xeito telemático. Para isto empregaríanse a plataforma Edixgal e a Aula Virtual do centro a través da cal se faría o seguimento do alumnado facilitándolle os materiais necesarios para o desenvolvemento das clases: apuntes, imaxes, presentacións power-point, vídeos, actividades diversas en formato word e pdf ou ben os que poña a disposición a Consellería.

Mediante a Aula Virtual o alumnado podería manter contacto coas profesoras a través de diversos mecanismos como mensaxes ou Foro de dúbidas.

Esta metodoloxía será tamén a que se empregue no caso de que algún alumno ou alumna non poida asistir a clase e deba permanecer na casa por ter que gardar corentena.

De de ser o caso, empregarase tamén o sistema de videconferencias mediante Webex ou FALEMOS.

No caso de que houbese un grupo enteiro confinado ou todos os grupos confinados, adoptarase o "horario espello", Este horario ten como obxectivo continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, co desenvolvemento dun ensino a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado

As profesoras realizarán o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual tal como quedou exposto arriba e poderán poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

A carga horaria respectará un mínimo do 60% da carga lectiva de cada materia e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado, deste xeito nunha clase de 50 minutos adicaranse os primeiros 10 minutos á conexión do alumnado, os seguintes 30 minutos a traballo co alumnado e os últimos 10 minutos a solventar dúbidas ou traballo individual do alumnado. O alumnado disporá de tempo suficiente entre clase e clase para poder establecer as conexións pertinentes a través dos servizos dixitais educativos corporativos. Respetaranse escrupulosamente os períodos de lecer do alumnado e os tempos adicados a cada clase.

O control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, será realizado diariamente mediante as ferramentas habituais.

## 5.1. INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO NO SUPOSTO DE PRODUCIRSE A SUSPENSIÓN DE CLASES.

No caso de producirse unha situación de peche ou confinamento e sexa preciso recurrir á modalidade de ensino non presencial, os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuándose á devandita modalidade.

A cualificación nas distintas materias que imparte este departamento establecerase segundo o seguinte procedemento:

### • CULTURA CLÁSICA, LATÍN 4º ESO e LATÍN I 1º BACHARELATO

Procedemento /Instrumento de avaliación	Porcentaxe	Observacións
Tarefas semanais.	70%	Fichas de actividades diversas, relativas aos diferentes estándares da materia, cunha puntuación de 1 a 10 cada unha delas.
Traballo de investigación.	20%	Relativo a un tema sobre civilización grecolatina (Cultura Clásica) ou romana (Latín 4º ESO e 1º Bac.).
Traballo diario do alumnado.	10%	Participación activa na videoconferencia e/ou conversa de aula virtual ou foro, que reflecta o seu interese e implicación na realización de tarefas a través do ensino virtual.

### • LATÍN II 2º BACHARELATO

A cualificación establecerase empregando como procedemento /instrumento de avaliación a realización de tarefas semanais deseñadas e supervisadas e, posteriormente, cualificadas pola docente que imparte a materia.

▪ **Nota bene.** De producirse a situación de suspensión de clases á que se fai referencia neste epígrafe, aplicarase sempre a normativa dictada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade en vigor nese momento.

## 6.- PROCEDEMENTOS PARA INFORMAR DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

Ao comezo de cada curso, os departamentos didácticos, a través do profesorado de aula, informarán ao alumnado dos seguintes puntos:

- Material necesario para o desenvolvemento da materia.
- Obxectivos.
- Contidos.

- Criterios de avaliación e cualificación.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Medidas de reforzo e recuperación.
- Sistema de recuperación da materia pendente de cursos anteriores.
- Perda do dereito á avaliación continua.
- Información sobre probas de carácter extraordinario.

Para a información ao resto da comunidade educativa, o departamento establece como mecanismo máis directo a consulta dos detalles de programación mediante a páxina web do centro e/ou petición á xefa de departamento.

## **7.- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

O sistema de avaliación destas materias debe ser inicial, formativa e final. Inicial, para saber os coñecementos dos alumnos e as súas capacidades, ó mesmo tempo, que poder detectar posibles deficiencias e poder solucionarlas desde o principio que se plantexen. Formativa e continua, para observar os procesos de aprendizaxe dos alumnos e poder ofrecer o apoio pedagóxico oportuno, atendendo á diversidade de alumnado. Deste xeito o profesor tamén pode modificar as estratexias do ensino-aprendizaxe ó longo do proceso, prodúcese un efecto de retroalimentación, avalíase o proceso da programación mesma. É o momento oportuno para facer cambios de metodoloxía, instrumentos e recursos didácticos, modificacións na temporalización programada, etc. Final, para coñecer o grao de dominio de obxectivos e contidos, e poder valorar os resultados da aprendizaxe e o seu proceso.

## **8.- SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN.**

Para seguir o adecuado desenvolvemento da programación ao longo do curso, polo menos dúas veces no trimestre recollerase expresamente no libro de actas do departamento unha valoración achega do desenvolvemento da programación. Nesta valoración indicárase se a programación estase desenvolvendo segundo estaba previsto ou non. En caso de non ser así, indicáranse expresamente as razóns e proporáanse as medidas correctoras oportunas.